Tras a implantación no ano 2011 do sistema de xestión ambiental nos servizos de deportes e bibliotecas centrais en cada un dos tres campus da Universidade de Vigo (Vigo, Ourense e Pontevedra), a OMA, en colaboración coas persoas responsables ambientais designadas para cada centro, continúa atendendo aos compromisos marcados no programa de xestión ambiental para cada

ano e elabora e mantén actualizada toda a documentación do sistema (manual, procedementos, instrucións, anexos, formatos e rexistros). Periodicamente, mantéñense reunións coa alta dirección da Universidade de Vigo e, acordados e consensuados coa Xerencia, planifícanse e márcanse actuacións e metas ambientais de acordo coa mellora continua e coa política ambiental da Universidade. Estes acontecementos teñen relación co seguimento e control de consumos, xeración de residuos-emisións-verteduras-ruído, identificación e avaliación de aspectos ambientais, cumprimento legal, establecemento de metas, formación ambiental do persoal, comunicacións internas e externas, seguimento e medición de parámetros de seguimento ambiental, definición de actuacións ante urxencias ambientais, xestión de non conformidades, accións correctivas e preventivas, planificación de auditorías e revisión.

Cada ano ten lugar unha auditoría interna de revisión previa á auditoría do órgano certificador do sistema, quen emite e avalía a renovación dos certificados do sistema baixo a norma UNE-EN ISO 14001. Os certificados iniciais foron outorgados no verán de 2012, e tras cada auditoría revisanse, atendendo e corrixiendo as desviacións e non conformidades detectadas, para que o órgano certificador poida confirmar o seu correcto funcionamento e expedir a correspondente revisión/renovación. Este ano 2015 tivo lugar a auditoría trianual de renovación de certificados, superada en setembro, con renovación para o seguinte trienio ata o ano 2018.

En colaboración coa Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, estase a tratar para todo ese campus un sistema de seguimento e de xestión ambiental dentro do marco do programa Green Campus, coordinado pola entidade Adeac. En colaboración con esta institución marcáronse os procedementos de actuación para definir os instrumentos e a metodoloxía coa que tratar a redución do impacto ambiental do campus, en colaboración coa comunidade universitaria e a súa contorna.

2 Recollidas de residuos perigosos dos laboratorios e servizos da Universidade de Vigo

Coordináronse e supervisáronse as recollidas de residuos perigosos a través do xestor autorizado, realizadas nos

distintos centros dos tres campus, e cumpríronse todas as obrigas e trámites legais que esixe a normativa relativa á xestión deste tipo de residuos.

As cantidades de residuos perigosos (RP) que se retiraron nas distintas recollidas durante o curso 2014/2015 foron:

	Outubro de 2014	Marzo de 2015
Total de RP (kg)	11 031	10 806

Lévase ao día o rexistro telemático deste tipo de residuos coa autoridade competente e coa preceptiva comunicación documental coa administración e cos xestores autorizados. Dende a OMA aténdese á demanda de recipientes, etiquetas identificativas e pictogramas que o persoal da Universidade de Vigo precisa nos centros para recoller estes residuos. Recompílanse datos sobre as recollidas para elaborar os informes anuais e a planificación dos estudos de minimización correspondentes. Ademais, cúmprese anualmente coa elaboración do autodiagnóstico ambiental (enviado ao órgano autonómico ambiental), coa enquisa anual do INE e coa enquisa do Ministerio do Interior sobre substancias químicas catalogadas.

3 Recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE)

Trabállase na recollida, almacenamento, transporte e xestión do material informático obsoleto e avariado de todos os centros da Universidade de Vigo, que previamente requiren da súa baixa no inventario do Servizo de Patrimonio.

Colabórase co Gruvi (Grupo de Reciclaxe Informática da Universidade de Vigo) na selección do material informático e electrónico potencialmente reutilizable, e trasládase ao seu taller. Este material reconstrúese ou recupérase parte dos seus compoñentes electrónicos, e en convocatorias públicas periódicas destínase en campañas de doazón a institucións e entidades sen ánimo de lucro. A ratio en peso de material recuperado con respecto ao total desbotado foi dun 18 %.

RAEE retirados no curso 2014/2015

	Reutilizados/ Gruvi	Xestor autorizado
CPU	89	490
Monitores	82	150
Impresoras	23	151
Caixas con material variado	–	35
Outros equipos eléctricos.	–	51
Total	194	847

A cantidade total xestionada foron uns 7432 kg de residuos desta tipoloxía. Os restos de material non aproveitabile recóllense para envialos ao xestor autorizado.

Este ano pechouse o proxecto EcoRAEE co que a OMA estaba a colaborar, a quen se destinaba parte do material informático recollido, co fin de demostrar a viabilidade da reutilización do RAEE fronte á súa reciclaxe. A iniciativa fora seleccionada pola UE como proxecto dentro dunha convocatoria Life. Tivo un orzamento de 1,2 millóns de euros financiados ao 50 % pola UE, cunha duración de tres anos.

Demostrouse cuantitativamente que aumentar a vida útil dos equipos eléctricos e electrónicos, e novas tecnoloxías en xeral, é unha solución viable económica, técnica e ambiental para este tipo de residuo, que representa o 4 % do lixo total xerado en Europa. Con esta acción verificouse e demostrouse que o proceso de reutilización deriva nun aforro de CO₂, diminúe o impacto ambiental e económico do proceso de preparación para a reutilización fronte á reciclaxe. Ademais de definir protocolos de actuación, EcoRAEE contribúe a mellorar o actual marco normativo sobre a xestión do RAEE e a xerar políticas axeitadas para a súa xestión. No marco do proxecto, a OMA contribuíu á análise e interpretación da ACV (análise do ciclo de vida) do proceso de reutilización do RAEE, utilizando ferramentas como estudos científicos previos, fichas técnicas de fabricantes, e un prototipo de seguimento de software de cálculo e bases de datos adicionais (SimaPro). Realizouse unha comparación da ACV do proceso de preparación para a reutilización co de reciclaxe. Pódense consultar os resultados e as conclusións en:

<http://gestoresderesiduos.org/noticia/principales-resultados-y-conclusiones-del-proyecto-ecoraee>.

Residuos SANDACH

Debido á actividade dalgúns laboratorios, aparece un residuo especial que debe ser xestionado especificamente a través dun xestor autorizado. Trátase dos residuos SANDACH (subprodutos animais non destinados ao consumo humano). A este tipo de residuos corresponden os animais mortos (ratos, peixes etc.) xerados pola investigación e experimentación nas facultades de ciencias, dos que se está a producir unha cantidade de arredor duns 100-150 kg anuais.

4 Recollida de fluorescentes e lámpadas de baixo consumo

Coa entidade Ambilamp, que conforma un sistema de xestión integrado de residuos procedentes de lámpadas fluorescentes e de baixo consumo, a Universidade de Vigo ten asinado un convenio polo que esta entidade recolle gratuitamente este tipo de residuos nos campus. Para isto puxo a disposición da Universidade de Vigo unha serie de colectores especiais localizados en zonas centralizadas de cada campus, onde se van dispoñendo adecuadamente este tipo de residuos para a súa ulterior recollida pola entidade.

No curso 2014/2015 recolleuse o colector central do Campus de Vigo (con arredor de 800 tubos fluorescentes desbotados e unhas 100 lámpadas de baixo consumo).

5 Estudo da pegada de carbono e da pegada ecolóxica da Universidade de Vigo

Anualmente trabállase no seguimento e na cuantificación do impacto ambiental da Universidade de Vigo baseándose no estudo da pegada de carbono e da pegada ecolóxica. Estes dous indicadores miden o efecto das emisións de gases invernadoiro e o impacto ambiental que relaciona os recursos existentes coa capacidade ecolóxica da terra de xerar os devanditos recursos. A análise destes indicadores permite distinguir as actividades máis contaminantes da atmosfera, e comparalos con indicadores doutras institucións nacionais e internacionais. Están a disposición da comunidade universitaria na web da OMA: <http://oma.webs.uvigo.es/pegadaEcoloxica.php>.

6 Elaboración de informes de certificación enerxética dos edificios

En colaboración co Departamento de Obras e Infraestruturas e a Unidade Técnica da Universidade de Vigo, a OMA está facendo unha primeira aproximación na elaboración dos informes preceptivos que require a normativa para a certificación enerxética dos edificios. Dentro do Plan Suma (sustentabilidade ambiental), a OMA ten persoal encargado de recoller datos de consumos e características construtivas e xeométricas dos edificios, cos cales poder calcular os valores requiridos para elaborar os informes para as súas cualificacións enerxéticas.

7 Control e estudo de consumos na universidade

Dende a OMA lévase o seguimento e a toma de datos de determinados consumos non automatizados, como os consumos parciais de auga dos edificios do Campus de Vigo, a recollida de datos da instalación de paneis solares do Campus de Ourense e a centralización de datos do resto de consumos que se lles solicita a todas as administracións de centros. Os seus fins son os rexistros do sistema de xestión ambiental, os estudos da pegada ecolóxica e de carbono, a detección de fugas, os rendementos etc.

Dende o Plan Suma acometéronse distintas actuacións neste ámbito:

- Cubrir periodicamente o formulario electrónico de control de consumos e a facturación de enerxía eléctrica en baixa e media tensión cos datos facilitados das subministradoras, que inclúe ademais da enerxía activa consumida a enerxía reactiva e os excesos ou defectos de potencia contratada respecto á rexistrada. Permite comprobar as facturas e é unha ferramenta de control e recollida de datos con resumos e gráficos para unha rápida visualización.
- Estudo económico de cambios de tarifas eléctricas nos distintos centros.
- Estudos de optimización de potencia nos distintos centros.
- Traballos de colaboración coa Unidade Técnica da Universidade de Vigo

- Seguimento e control de consumos de enerxía eléctrica nos tres campus.
- Análise e proposta de medidas de aforro e eficiencia enerxética.
- Revisión e actualización da folla de cálculo para introducir datos de facturas eléctricas.
- Creación da nova folla de cálculo para a xestión integrada dos consumos de combustible, auga e enerxía eléctrica dos tres campus.
- Estudo comparativo de tarifas eléctricas para determinados centros.

9 Colaboración para crear os plans de prevención e sinalización dos centros e as campañas de prevención de riscos laborais e ambientais

En colaboración co Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo, a OMA apoia este servizo na identificación e descrición de riscos ambientais para os plans de prevención. Para iso implanta esta información nos planos de cada edificio e en pósteres e trípticos que se distribúen entre talleres, laboratorios e puntos de información dos diferentes centros.

Sensibilización e formación

10 Universidade é natureza e ruta das árbores (itinerarios ambientais guiados polos campus)

Décimo segundo ano do programa de educación ambiental «Universidade é natureza», dirixido a estudantes de centros de distintos niveis de ensino obrigatorio, dos colexios e institutos do Concello de Vigo e arredores. Tamén teñen acceso a estas rutas membros da comunidade universitaria e persoas alleas a esta, organizados en grupos de visita. Estas visitas de educación ambiental tamén teñen lugar no Campus de Ourense, e o seu obxectivo é dar a coñecer a gran variedade de especies de fauna e flora presentes nos campus, algunhas consideradas senlleiras polo seu porte, rareza ou idade. Durante este curso participaron no programa arredor de 410 estudantes e once docentes, pertencentes a nove institucións, nun total de once saídas de campo.

11 Convocatorias das bolsas (2014/2015) de formación complementaria para estudantes da Universidade de Vigo e participación nos programas de voluntariado

Dentro do ámbito do desenvolvemento sustentable e a xestión ambiental convocáronse dúas bolsas de formación para estudantes de posgrao, coa intención de que colaboren en activades incluídas nas liñas de traballo da Oficina de Medio Ambiente. Na convocatoria para a formación do alumnado nos programas do Plan Suma (Plan de sustentabilidade e medio ambiente da Universidade de Vigo) asignáronse cinco bolsas para os distintos programas: eficiencia enerxética e sustentabilidade (ESE), instalacións singulares de I + D (ISI), medio natural e patrimonial (contornos) e reciclaxe e reutilización de residuos (R3). Unha delas desenvólvese en Ourense e outra en Pontevedra.

Os perfís das persoas candidatas para as convocatorias enmárcanse dentro do ámbito de formación no que se desenvolverá cada bolsa (medio ambiente e natureza, enerxías sustentables e eficiencia enerxética, aproveitamento de residuos procedentes de aparellos eléctricos, e prevención de riscos laborais e ambientais). En relación con estas mesmas tarefas, a OMA a través do Servizo de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo, acolle persoas voluntarias para acometer tarefas de apoio dentro das liñas ambientais marcadas, que na maioría dos casos lles serven ás persoas interesadas para cubrir créditos de libre elección.

Conservación do medio natural

12 Unidade de xardinaría, conservación das zonas verdes, infraestruturas relacionadas e traballos asociados de repoboación e mantemento das plantacións

Nos campus realízase un traballo constante ao longo do ano de xestión da conservación de zonas verdes e infraestruturas relacionadas. En función da climatoloxía, da evolución vexetativa das diferentes cubertas vexetais e do calendario universitario, planifícanse as tarefas de conservación co obxectivo de aumentar a calidade ecolóxica, tentando incrementar a biodiversidade e o potencial ornamental e paisaxístico das zonas verdes:

- Supervisión e control periódico do estado das zonas verdes, mobiliario urbano e infraestruturas.

- Planificación e coordinación dos traballos de conservación en zonas verdes e infraestruturas.
- Traballos de mantemento: podas, reprodución de plantas, rega e mantemento dos sistemas de rega etc.
- Plantacións de reforzo e mellora de zonas.

Outros traballos extraordinarios e estacionais no Campus de Vigo foron:

- Xestión de residuos
 - Inertes recollidos en entulleiras «espontáneas»: 4 big-bags.
 - Limpeza do campus logo das celebracións de San Teleco (13 ha), San Xosé (11 ha) e Santa Bárbara (3,5 ha).
 - Recollida de grandes volumes inertes de centros, servizos e laboratorios: prestados seis servizos de recollida, clasificado, reciclaxe e almacenamento temporal de materiais metálicos, plástico, vidro, madeira etc.
 - Residuos vexetais producidos nos traballos de conservación de zonas verdes: triturado e compostaxe para a posterior utilización en traballos de plantación, fertilización ou restauración de solos: aprox. 30 m³ de compost maduro e 170 m³ de triturado de poda.
- Instalación de novos peches, valados e bolardos
 - Instalación de bolardos para controlar o acceso de vehículos en camiños, sendas peonís e zonas verdes: acceso a Fontefría, Pedras Miúdas, MTI e socalcos da Vilacha.
 - Peche perimetral dos socalcos da Vilacha.
 - Instalación de doce herpetorrefuxios/bolardo no acceso oeste de Minas.
- Plantación de 85 árbores e arbustos
 - Mellora ambiental da contorna de Enxeñaría de Minas e Telecomunicación, Xurídicas e Filoloxía.
 - Plantación do xardín interior no patio sur da torre-CACTI.
 - Restauración e restablecemento da cuberta vexetal herbácea en 1,2 km lineais e 1000 m² de zonas verdes, logo das obras de canalización para o gas natural.

- Recuperación físico-química dos solos en 5800 m² nas inmediacións do MTI, empregando a totalidade do compost maduro producido e o triturado da poda do ano 2014.

- Restauración ambiental de 1,16 ha na entulleira de Fontefría: nivelación, control de enxurradas, achega de solo fértil e plantacións para a estabilización de noiros.

- Tala dos piñeiros (*Pinus pinaster*): nas inmediacións de Anfaco por seguridade e para potenciar o arboredo autóctono; e na zona deportiva por esixencia da lei antiincendios da Xunta de Galicia.

- Avaliación, tratamento e control de cancro (*Cryphonectria parasitica*) en castiñeiros (*Castanea sativa*) na zona do souto contra Beade e na Cumieira.

- Construción de prototipos e renovación de quince nasas para capturar cangrexo americano nas lagoas e nos estanques do campus.

- Organización e coordinación de dous obradoiros de Extensión Universitaria en Vigo:

- Plantas silvestres comestibles de outono
- Plantas silvestres comestibles de primavera

- Actualización do inventario e catálogo da flora do Campus de Vigo co fin de ir implementando o banco de datos coa clasificación da flora deste campus.

- Seguimento global e control das especies de flora exótica e invasora (mimosa, acacia negra, robinia, eucaliptos, canaveiras, oenothera, cortaderia, *brachypodium* etc.) en diferentes ecotonos do campus, actuando periódica e especificamente nas zonas nas que se detecta a súa proliferación.

No Campus de Pontevedra:

- Restauración paisaxística da parcela 1 e da contorna contra o río en Ciencias da Educación e do Deporte.

- Colaboración na creación dunha xiloteca: entréganse toradas de catorce especies diferentes procedentes dos traballos de poda realizados en árbores dos campus de Vigo e Pontevedra.

No Campus de Ourense desenvóléronse varios traballos dentro deste apartado:

- Repoboación e mantemento de plantacións arbóreas.

- Continuación da posta en coñecemento e potenciación dos valores naturais do campus (rutas ambientais e sinalización de especies).

- Os labores da horta urbana (espazo rehabilitado duns 250 m²), dotada de dez parcelas con rega individual, para o seu uso por parte do alumnado do Programa para maiores.

- Mantemento da horta escolar na zona da gardaría do campus novo con fins docentes e ornamentais para ese centro.

- Posta en valor do invernadoiro dese campus para reactivar o seu uso.

- Xestión do sorteo de leña (restos vexetais procedentes dos traballos de mantemento dese campus).

- Identificación de especies arbóreas e herbáceas do campus e o seu inventariado en Autocad.

13 Control e erradicación de fauna invasora

Séguese coa captura do cangrexo roxo americano, tartarugas de Florida e carpíns na lagoa de Humanidades do Campus de Vigo para controlar a súa poboación, e realízase o seguimento no resto das lagoas para constatar que non se estenderon a outras zonas. En Ourense, dentro do mantemento de estanques, xestiónase a eliminación de carpín dourado no parque ambiental do estanque do campus novo.

14 Estudo dos recursos hídricos do Campus de Vigo

Inventario dos principais recursos hídricos subterráneos (pozos) e superficiais (lagoas) do Campus de Vigo. Existe un protocolo de control e seguimento do estado e calidade destes, a través da medición de variables características (profundidade, pH, condutividade e temperatura), que se realiza periodicamente. Isto permite un coñecemento das variacións das reservas de auga nos distintos puntos do campus, co fin de realizar un uso racional delas.

Biblioteca Universitaria

Durante o curso 2014/2015 a Biblioteca Universitaria seguiu co desenvolvemento dos tres eixes principais da súa actividade: mantemento e incremento das coleccións bibliográficas, prestación dos seus servizos á comunidade universitaria (préstamo, lectura en sala, préstamo interbibliotecario, referencia, cursos de formación etc.) e mellora dos sistemas de xestión da calidade e de xestión ambiental. Aos servizos e actividades despregados en materia bibliotecaria, engádense os que prestou o Arquivo Universitario encadrado na Biblioteca como unha das súas seccións.

1 Recursos e servizos bibliotecarios

A comezos do mes de xullo de 2015, o catálogo OPAC da Biblioteca estaba integrado por:

421 615 rexistros bibliográficos

8645 títulos de publicacións seriadas (soporte papel)

1857 títulos de revistas electrónicas a texto completo

1857 sumarios electrónicos de revistas

565 resumos electrónicos de revistas

13 944 libros electrónicos

1014 recursos web (páxinas web, portais etc., moitos deles asociados ás bibliografías recomendadas)

Ademais destes recursos, o OPAC recollía nesas mesmas datas un total de 28 202 rexistros de artigos de revistas, capítulos de libros e relatorios e comunicacións en congresos e reunións científicas escritas por membros do PDI da Universidade de Vigo. Deles 14 827 inclúen acceso ao texto completo.

Ao tomar en consideración o total de recursos en papel e demais soportes tanxibles, así como a oferta de recursos electrónicos en rede, a comezos de xullo de 2015 a Biblioteca Universitaria poñía a disposición da comunidade universitaria os seguintes fondos bibliográficos e documentais:

638 810 libros

27 601 publicacións seriadas (delas 18 956 son revistas electrónicas a texto completo)

120 591 libros electrónicos

2363 mapas

14 020 fotografías e diapositivas

2496 rexistros sonoros

11 633 vídeos e DVD

12 407 CD-ROM

39 129 microformas

46 bases de datos en liña

Neste curso a biblioteca dixital formada por recursos electrónicos en rede foi ampliada coa contratación de acceso ás revistas de John Benjamins (65 títulos sobre lingüística e disciplinas afíns), da Optical Society of America (13 títulos), a ampliación de acceso a 32 novos títulos das revistas de Emerald e os arquivos das revistas da Royal Society of Chemistry (anos 1847-2007). Do mesmo xeito, e grazas a adhesión do Consorcio Bugalicia a acordos de ámbito estatal, a Biblioteca ampliou o número de títulos accesibles nas coleccións de revistas das editoriais Springer, Elsevier e Wiley. Deste xeito, como resultado do acordo co editor Elsevier, recuperouse o acceso á Freedom Collection de ScienceDirect e pasou a ter acceso a 1837 títulos (fronte aos 931 aos que se tiña acceso ata entón). No caso de Springer, Bugalicia sumouse á licenza cruzada para institucións españolas que permite pasar de 130 a 1853 títulos. Por último, e grazas ao acordo marco con Wiley, actualizouse a súa colección completa e pasouse de 480 a 1422 títulos.

Ademais de poñer a disposición do público os seus fondos bibliográficos mediante o libre acceso e a lectura en sala, a Biblioteca facilita o seu uso co servizo de préstamo que ao longo do curso rexistrou un total de 314 554 transaccións (préstamos, devolucións, renovacións, reservas e reclamacións), das cales 115 137 corresponderon a préstamos e 68 202 a renovacións de préstamos.

Pola súa banda, o servizo de préstamo interbibliotecario e o acceso ao documento tramitou ao longo do curso un total de 1770 solicitudes de documentos a bibliotecas alleas á Universidade de Vigo e atendeu 1541 peticións de envío de documentos propios a outras bibliotecas externas.

En canto ás actividades de formación de usuarios e usuarias, a Biblioteca desenvolveu neste curso un total de 98 cursos, 47 deles na modalidade virtual e os 51 restantes de xeito presencial.

Como en cursos anteriores, a Biblioteca desenvolveu un

servizo de aperturas especiais de bibliotecas co gallo dos períodos de exames e probas de avaliación. As aperturas leváronse a cabo nas bibliotecas de Torrecedeira, central de Ourense e central de Pontevedra tanto en días laborables (de luns a venres de 8.00 a 3.00 h da madrugada), coma en fins de semana (sábados e domingos de 8.00 a 22.00 h). En concreto os períodos de aperturas especiais foron os seguintes:

- Do 29 de novembro de 2014 ao 11 de xaneiro de 2015
- Do 18 de abril ao 24 de maio de 2015
- Do 6 de xuño ao 12 de xullo de 2015

As aperturas das fins de semana foron reforzadas no Campus de Vigo coa apertura da biblioteca central en horario de 9.00 a 21.00 h.

2 Comisión de Biblioteca

A Comisión de Biblioteca realizou unha reunión ordinaria o día 26 de maio de 2015 co tratamento das seguintes cuestións: informe do presidente (o vicerreitor de Economía e Planificación), distribución entre as áreas de coñecemento dos orzamentos bibliotecarios para adquisicións bibliográficas, proposta de creación de novas categorías de usuarios/as de préstamo, análise do establecemento de acordos de gratuidade para a subministración de préstamos interbibliotecarios e rolda de preguntas.

3 Xestión da calidade e xestión ambiental

No eido da xestión de calidade, a Biblioteca levou a cabo unha auditoría interna do seu sistema de xestión ISO 9001 os días 2, 3 e 7 de outubro de 2014, un proceso de revisión pola dirección no marco da Xunta Técnica (4 de novembro de 2014) e unha auditoría externa de mantemento da certificación pola auditora DNV o día 16 de novembro dese ano. Esta auditoría tivo un resultado satisfactorio ao non detectarse ningunha non conformidade e formularse tres observacións e dúas oportunidades de mellora.

Ao longo do ano 2014 realizouse unha enquisa web sobre a satisfacción xeral dos usuarios/as coa Biblioteca, e acadou unha valoración de 4,06 sobre 5.

Os días 4 e 5 de marzo de 2015 (auditoría interna) e do 27 ao 29 de abril de 2015 (auditoría externa) tiveron lugar as auditorías sobre o mantemento da certificación do sistema de xestión ambiental ISO 14001 implantado nas tres bibliotecas centrais (campus de Ourense, Pontevedra e Vigo) como resultado dunha iniciativa conxunta co Servizo de Deportes e a Oficina de Medio Ambiente (OMA) da Universidade de Vigo.

4 Cooperación bibliotecaria

Dentro da súa participación no Consorcio Bugalicia, a Biblioteca interveu, a través do seu director, na comisión técnica do consorcio con asistencia ás xuntanzas de setembro e novembro de 2014 e de xuño de 2015.

No eido da cooperación co resto de bibliotecas universitarias españolas, a Biblioteca Universitaria estivo presente na XXII Asemblea Anual da Rede Española de Bibliotecas Universitarias (Rebiun) celebrada en Madrid os días 5, 6 e 7 de novembro de 2014. Neste mesmo ámbito, a Biblioteca segue a participar no grupo de traballo da liña estratéxica 1 do III Plan estratéxico da rede xunto coas bibliotecas das universidades de Almería, Barcelona, Cádiz, Complutense de Madrid, Extremadura, Granada, IE Business School e Pablo Olavide de Sevilla. Neste grupo a Biblioteca da Universidade de Vigo foi a encargada de revisar o convenio tipo para a adhesión de institucións asociadas, da tradución ao galego da infografía da presentación da Rebiun e da elaboración e presentación do póster «El conocimiento abierto como objetivo de la cooperación bibliotecaria en Rebiun: el plan 2020» nas XIV Jornadas Españolas de Documentación FESABID celebradas en Xixón en maio de 2015.

5 Arquivo Universitario

O Arquivo Universitario, unidade responsable de garantir a xestión, organización, accesibilidade, tratamento e conservación do patrimonio documental da Universidade, rexistrou no curso 2014/2015 os seguintes datos relativos á súa xestión:

- Ingreso de documentación por transferencia ordinaria: tramitáronse 15 transferencias dende as unidades administrativas, cun total de 589 unidades de instalación.

- Eliminación de documentos: seleccionáronse e elimináronse 250 unidades de instalación.
- Incorporación de teses de doutoramento da Universidade de Vigo ao fondo documental: recibíronse 87 teses.
- Préstamo e consulta de documentación ás unidades administrativas: efectuáronse 283 trámites.

Ao longo deste curso académico continuáronse tamén coas tarefas dirixidas a mellorar as condicións de instalación e accesibilidade dos fondos históricos da universidade, así como a súa descrición arquivística.

Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación

Durante o curso 2014/2015 leváronse a cabo actuacións tanto a nivel de infraestruturas coma de servizos. A nivel de infraestruturas cabe salientar o despregamento da nova rede sen fíos (wifi), o que permitiu solucionar os problemas de velocidade de conexión e de número de usuarios/as simultáneos conectados.

En canto a servizos pódese destacar a implantación da facturación electrónica na Universidade de Vigo. Isto supuxo a integración da ferramenta de xestión contable da Universidade de Vigo no sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia.

Como complemento ao punto anterior tamén se introduciu unha nova ferramenta para a xestión do pedimento de material e servizos que permite relacionar cada autorización de gasto coa factura correspondente.

Finalmente, tamén se comezou a reorganización da atención ao usuario/a co obxectivo de dotala de ferramentas axeitadas e de avanzar cara á homoxeneización dos servizos prestados nos diferentes campus da Universidade de Vigo.



Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais

1 Voluntariado

Campus de Vigo

Proxectos propios

- OMA: oma2@uvigo.es; tfno.: 986 813 883
- PIUNE: voluntariado@uvigo.es; diversidade@uvigo.es; tfno.: 986 813 817
- Servizo de Prevención de Riscos Laborais: sprl@uvigo.es; tfno.: 986 813 005
- GRUVI: 986 813 883

Proxectos alleos: 20 programas de voluntariado alleos cun total de preto de 100 estudantes

- Aldeas Infantís SOS Galicia (protección e apoio á infancia): aldeasinfantiles@aldeasinfantiles.es; tfno.: 986 471 655
- Asociación de Pais e Nais de Nenos/as Xordos: aspsvigo@gmail.com; tfno.: 616 821 021
- Arela (iniciativas de apoio á infancia): mariamarcote@arela.org; www.arela.org; tfno.: 986 212 537
- Asociación solidaria de Galicia (Asdegal): accionsolidariaasdegal@hotmail.com; www.asdegal.org; tfnos.: 629 760 176/986 418 472
- Down (asociación para a síndrome de Down):

downvigo@downvigo.org; www.down.org; tfno.: 986 201 656

- Fundación Cume (para o desenvolvemento de culturas e pobos): voluntariado@fundacioncume.org; www.fundacioncume.org/; tfno.: 986 207 799
- Fundación Integra (para a discapacidade intelectual): integrafundacion@yahoo.es; www.integravigo.org; tfno.: 986 480 338
- Fundación Juan Soñador (diversos programas sociais): fundacionjuans@fundacionjuans; www.fundacionjuans.org; tfno.: 677 924 668
- Fundación Meniños (fundación para a infancia): delegacion.pontevedra@meninos.org; www.meninos.org; tfno.: 667 596 683
- Scouts de Galicia (programas educativos en distintos eidos): scoutsgalicia@scoutsgalicia.org; www.scoutsgalicia.org; tfnos.: 981 580 215/ 678 797 685
- Xentenova (asociación xuvenil de tempo libre educativo): axx@xentenova.org; www.xentenova.org; tfno.: 626 531 723
- Banco de Alimentos: info@bancoalimentosvigo.org; tfno.: 986 263 022 (de 9.30 a 13.30 h)
- Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia: marta.alvarez.vazquez@sergas.es; tfno.: 881 542 863

- Locais de Cáritas Parroquial de Aldán: Caritasparroquialdealdan@gmail.com; www.caritas-santiago.org; tfno.: 986 329 289
- Feafes Galicia: miguel@feafesgalicia.org; www.feafesgalicia.org; tfno.: 986 485 779
- Asociación Xaruma: xarumaorg@gmail.com; www.xaruma.org; tfnos.: 698 142 158/986 127 949
- Asociación Española Contra o Cancro (AECC): ainhoa.carrasco@aecc.es; maria.noguerol@aecc.es; www.aecc.es; tfno.: 986 865 220
- Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia: marta.alvarez.vazquez@sergas.es; tfno.: 881 542 863
- Laborada Aclad (asociación cidadá de loita contra a droga): orientacion@alborada.org; tfno.: 986 224 848
- ADICAE.Asociación de Usuarios de Bancos, Caixas de Aforro e Seguros de Galicia vigo@adicae.net
- Amigos da Terra: voluntariado.galicia@amigosdaterra.net
- RR do 8 de setembro de 2016, pola que se publica a convocatoria de doazón de material informático en desuso da Universidade de Vigo.
- Solicitudes presentadas: 7
- Solicitudes resoltas favorablemente: 7

2 Atención á diversidade

Programa de integración de universitarios/as con necesidades especiais (PIUNE)

- Recepción e tramitación das solicitudes PIUNE e inclusión no programa (8 alumnos/as con necesidades especiais).
- Resolución das solicitudes PIUNE nas reunións da comisión técnica de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo (Coaten) realizadas o 18 de marzo de 2015 e o 15 de decembro de 2015

Cómpre destacar a convocatoria de axudas específicas a cinco persoas con necesidades educativas especiais:

- Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación (Campus de Pontevedra): unha persoa con dificultades de mobilidade e comunicación. Convócase unha bolsa de integración que se resolve en segunda convocatoria.

- Facultade de Belas Artes (Campus de Pontevedra): unha persoa xordomuda; resólvese cunha bolsa de integración.
- Facultade de Ciencias Xurídicas (Campus Vigo): un alumno coa síndrome de Asperger; resólvese con dous bolseiros.
- Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (Campus de Ourense): unha alumna con Asperger; resólvese cunha bolsa.

Gabinete Psicopedagóxico

O Gabinete Psicopedagóxico da Universidade de Vigo é un departamento adscrito ao servizo de Extensión Universitaria. Os obradoiros organizados polo Gabinete psicopedagóxico no curso 2015/2016 foron catro, dos que tres se cancelaron por non acadar o mínimo de matrícula.

3 Convocatoria de bolsas de aloxamento 2015/2016

RR do 9 de xuño de 2015 pola que se convocan prazas e axudas de aloxamento nas residencias de estudantes da Universidade de Vigo.

- Centros propios: Complexo residencial O Castro (Vigo)
- Centros concertados: Residencia concertada A Peregrina (Pontevedra) e Complexo residencial concertado Alcai (Allariz)

Tramitación pagos convocatoria bolsas aloxamento 2015/2016: O Castro, A Peregrina.

Un total de 57.600 € con cargo á aplicación orzamentaria 0000 121D 48215.

4 Cursos de Extensión Universitaria no Campus de Vigo

RR, do 20 de xaneiro de 2016, pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar os cursos de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo do ano 2016.

- Concedidos: 11 dos que se cancelaron tres por non acadar o mínimo de matrícula.
- Denegados: 1
- Lista de agarda: 1

5 Axudas de actividades extraacadémicas e de difusión de cultura do Campus de Vigo

Segundo RR, 19 de xaneiro de 2015 e RR do 19 de xaneiro de 2016, pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar actividades extraacadémicas e de difusión cultural da Universidade de Vigo para o ano 2015 e 2016, respectivamente.

Concedida axuda a un total de 19 actividades no curso 2015/2016.

Número de rexistro	Título da actividade	Datas	Lugar Persoa responsable	Axuda
N/C 36013	Café, qué tipo de Dios?	03/02/2016 - 27/04/2016	Centro comercial e cafetería da Facultade de Industriais Asociación Grupos Bíblicos Universitarios da Universidade de Vigo	431,75 €

Táboa 1

7 Convocatoria de espazos compartidos do Campus de Vigo

RR do 18 de decembro de 2015 pola que se publica a convocatoria no curso 2015/2016. Mantense a distribución de espazos ata o 30 de decembro de 2017. (Táboa 2)

Número de rexistro	Nome da asociación	Presidente/a
034	Grupos bíblicos universitarios da Universidade de Vigo	Julián David Calle Crisancho
108	Asociación para a integración de estudantes estranxeiros	Andrea Rodríguez Rodríguez
110	Asociación Trabalingua	Nuria Vilán Prado

Táboa 2

8 Campus Camp (Campus de Vigo)

O obxectivo principal do Campus Camp é facilitarles a conciliación familiar aos traballadores e traballadoras da Universidade de Vigo, durante as vacacións estivais dos seus fillos e a das súas fillas. Vai dirixido a nenos e nenas entre 3 e 13 anos.

A memoria de actividades realizada pola empresa adxudicataria no Campus de Vigo pódese consultar na páxina web no enlace: http://extension.uvigo.es/extension_gl/campuscamp/index.html ou ben no Servizo de Extensión Universitaria.

No Campus de Vigo participaron un total 163 nenos/as e no de Ourense, 36.

9 Recoñecemento de créditos

Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación, aprobado no consello de goberno do 12 de febreiro de 2014.

- Recoñecementos de créditos concedidos na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes do 14/09/2015: 4 cursos/actividades recoñecidos.
- Recoñecementos de créditos concedidos na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes do 12/11/2015: 43 cursos/actividades recoñecidos.
- Recoñecementos de créditos concedidos na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes do 16/12/2015: 13 cursos/actividades recoñecidos.

- Recoñecementos de créditos concedidos na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes do 17/02/2016: 25 cursos/actividades recoñecidos.
- Recoñecementos de créditos concedidos na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes do 31/03/2016: 14 cursos/actividades recoñecidos.
- Recoñecementos de créditos concedidos na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes do 26/05/2016: 22 cursos/actividades recoñecidos.
- Recoñecementos de créditos concedidos na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes do 07/07/2016: 12 cursos/actividades recoñecidos.

10 Aulas de programas para maiores de 55 anos da Universidade de Vigo

- Ciclo intensivo: cunha duración de 54 créditos e tres anos académicos (540 horas). A súa superación dará lugar ao título propio da Universidade de Universitario/a Sénior.
- Ciclo de especialización: cunha duración de 36 créditos e dous anos académicos (360 horas). A súa superación dará lugar ao título propio da Universidade de Vigo de Superior Sénior.
- Convocatoria preinscrición e matrícula
- Plataforma do Portal do Programa para Maiores (web Universidade de Vigo) materias 2015/2016.

Número de alumnado matriculado no programa no curso 2015/2016 (táboa 3).

Campus	Estudo	Home	Muller	Total
Ourense	Universitario/a Superior Sénior	37	84	121
Ourense	Universitario/a Sénior	34	64	98
Pontevedra	Universitario/a Superior Sénior	7	1	8
Pontevedra	Universitario/a Sénior	22	34	56
Vigo	Universitario/a Superior Sénior	27	35	62
Vigo	Universitario/a Sénior	127	165	292
	Total	254	383	637

Táboa 3

Rango	Home	Muller	Total
Menores de 65	87	184	271
De 65 a 75 anos	144	176	320
De 76 a 85 anos	23	23	46
Maiores de 85 anos	0	0	0
Total	254	383	637

11 Programación de actividades culturais no Campus de Vigo

1º cuadrimestre 2015/2016

Nove obradoiros dos que se cancelaron tres por non acadar o número mínimo de matrícula

- Programación cultural (solo música e teatro)
- Concerto de Nadal
- Cine submarino + exposición «Tesouros e galeóns na lembranza»
- Ensaíamos
- Obradoiros 1.o cuadrimestre
- Ciclo de cine

2º cuadrimestre 2015/2016

Once obradoiros dos que se cancelaron cinco por non acadar o mínimo de matrícula

- Programación (solo música)
- Teatro: Miteu (6 obras)

Obradoiros 2.o cuadrimestre

- Exposición: «Tecido cru: deseñar e construír»
- Expo Afinidades selectivas 9
- Festival ensaíamos colleita2016: 2 microconcertos + 1 concerto con 5 grupos
- «1º encontro eurorrexional de música e artes escénicas» celebrado o 14 e 15 de maio en Vila Real.
- Achego bases+ cartel
- Ciclo de cine
- Concerto fin de curso do coro universitario

Concursos Universidade de Vigo

- XIV Premio de Creación Audiovisual Universidade de Vigo

Modalidade curta narrativa:

- 1º premio: «Odisea» de Jonathan Toucedo Mor
- 2º premio: deserto

Modalidade documental

- 1º premio: deserto
- 2º premio: «Evolución» de Miguel Grandío López
- Accésit: «Debut 2015» de Ana Pérez Valdés.

Modalidade vídeo publicitario

- 1º premio: deserto
- 2º premio: deserto

Modalidade animación:

- 1º premio: «Un fin para Mateo» de Beatriz Navarrete Santomé
- 2º premio: «Rueda cabeza» de Borja Santomé Rodríguez

Modalidade de vídeo experimental

- 1º premio: «Parásitos» de Avelino David Fidalgo Omil.
- 2º premio: «Selenophile» de Seheila Broullón Davila, Belén Diz Juncal e Jennifer Espiñeira Bartomé.

- XIV Premio de Pintura Universidade de Vigo
- Premios: «O xardín paralelo» de Julia Huete Iglesias
- XIII Certame de Fotografía Universidade de Vigo

Serie

- 1º premio: «Season change» de Ana Campos Rodríguez
- 2º premio: «Estado dobregado» de Isabela Andrés Alonso

Única

- 1º premio: «Migración de la identidad a través de un hábitat ajeno» de M.a Victoria Fernández Betinelli
- 2º premio: «Cen» de Gabriel Pardo Martínez
- XIV Premio de Maquetas de Música Universidade de Vigo
- 1º premio: «Wathever, it was fun» do grupo Cool Cucumbers
- 2º premio: «Panic & Gravity» do grupo Fobidden Space-2



Vicerreitoría do Campus de Ourense

Convenios asinados

- Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade e Obradoiro de Emprego «Terras de Rosendo».
- Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e RAID & GO, S. L.
- Convenio específico de cooperación educativa sobre prácticas externas de alumnos/as entre a Universidade de Vigo e a Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias.
- Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Concello de Barbadás.
- Convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e a Universidade de Vigo polo que se instrumenta a entrega dunha subvención para a creación dunha revista xurídica especializada en dereito de augas e medio ambiente.
- Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Concello de Verín.
- Acordo de colaboración e cesión do uso do logotipo entre a Asociación España con ACNUR e a Universidade de Vigo.
- Convenio entre a Universidade de Vigo e Ingeniería de Software Avanzado SA para a creación da Cátedra Viewnext.
- Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Arquitectos de Galicia.
- Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Asociación Down para a realización dun programa específico para a integración laboral de persoas con discapacidade.
- Convenio específico de colaboración en materia de arqueoloxía entre a Universidade de Vigo e o Concello de Amoeiro.
- Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Concello de Amoeiro.
- Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Concello de Monterrei.
- Convenio específico para o Programa de doutoramento auga, sustentabilidade e desenvolvemento entre a Universidade de Vigo, o Instituto Politécnico de Porto e a Universidade de Trás-Os-Montes e Alto Douro.
- Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo Campus da Auga e a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense.
- Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e Aceites Figueirido.

- Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Concello de Castrelo de Miño.
- Asinados convenios de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas con 40 entidades.

Convocatorias

- Convocatoria de prazas para a escola infantil Concepción Sáez Otero.
- Convocatoria mediante réxime de concorrencia competitiva para a sinatura dun convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e unha asociación non lucrativa para a realización dun programa específico de integración laboral de persoas con discapacidade no Campus de Ourense.
- Convocatoria do programa de mobilidade Ourense Exterior.
- Convocatoria de espazos compartidos no pavillón de estudantes do Campus de Ourense para as asociacións de estudantes universitarios.
- Convocatoria de dúas bolsas de formación complementaria do estudantado da Universidade de Vigo na Vicerreitoría do Campus de Ourense para o apoio en labores de difusión das actividades culturais e deportivas para o curso 2016/2017.

Cultura

Exposicións

- Sala Alterarte: «Os dilemas do suxeito», de Ramón Conde/Yolanda Barriocanal, «Inventario», de Melania Freire/Lola Dopico, «Cosmoclasia», de Eduardo Outeiro/ Alberto Ruíz, Carpet diem, de Paz de la Calzada/Almudena Fernández Fariña.
- Outono Fotográfico: «Inventario», de Melania Freire /Lola Dopico; «As vidas da auga», de J. C. Tomasi; «Sinestesia», de Cristina Durán; «O corazón das Médulas», de Nica Mares; «Baixo a ponte», de María Pinal; «Sin nexos», colectiva; Entroido ribeiro, colectiva; XII Certame de fotografía da Uvigo, colectiva; Concurso do obradoiro de fotografía dixital, colectiva.

Outras exposicións

- Exposición «25 anos máis» en Ourense, Ribadavia, A Rúa, Verín, Xinzo, O Carballiño e Celanova
- «A esfera da auga», do CSIC, no edificio Politécnico
- Exposición «Aldea dos nenos»

Teatro

- 8º FITO (Festival Internacional de Teatro de Ourense)
- 12º Moti (Mostra de Teatro Infantil)
- 21ª Miteu (Mostra Internacional de Teatro Universitario)

Obradoiros de extensión

- Primeiro cuadrimestre: 12 obradoiros
- Segundo cuadrimestre: 11 obradoiros

Cursos de extensión

Sete cursos de verán e extensión universitaria desenvoltos desde principios de xuño ata finais de outubro de 2016.

Outra programación cultural

- Campus Animado
- UNISON: Álvaro Pérez e Celia Adrián / Maskarpone / Banda do conservatorio profesional de música de Ourense/ «Coma espellos dun calidoscopio»
- XXV Encuentros literarios
- Colaboracións co Cineclub Padre Feijoo
- Concerto do Nadal «A banda das crechas»
- Letras galegas 2016
- VI Portugués Perto, do 4 ao 7 de maio

Coro

- Actuación no centro penitenciario do Pereiro
- Encontro coral solidario: Coro do Campus de Ourense, Capela Madrigalista, Coral do Liceo e Coral de Ruada
- Seis actos de graduación

Deportes

1. Área de Deportes

As instalacións coas que contamos son as seguintes: pista de atletismo, campo de herba sintética, pistas de squash, pistas de tenis, pista polideportiva cuberta e sala de cardio-fitness.

A asistencia a cada unha delas foi:

- Pista de atletismo: 3167 usuarios/as. Dos cales 672 foron mulleres e 2495 homes.
- Campo de herba sintética: 53416 usuarios/as. Dos cales ? foron mulleres e ? homes.
- Pistas de squash: 888 usuarios/as. Dos cales 80 foron mulleres e 808 homes.
- Pistas de tenis: 12698 usuarios/as. Dos cales 1578 foron mulleres e 11120 homes.
- Pista polideportiva cuberta: 24504 usuarios/as. Dos cales 13477 foron homes e 11027 mulleres.
- Sala de cardio-fitness: 32859 usuarios/as. Dos cales 10139 foron mulleres e 22720 foron homes.

2. A sección de equipos federados do Campus de Ourense está formado por:

- Club de Baloncesto masculino e feminino
- Club Xadrez Ourense
- Club Dereito-Empresariais de Tenis
- Club Campus Ourense Rugby

3. Escolas deportivas

Temos ao redor de 40 escolas deportivas que se imparten no pavillón e en diferentes ximnasiais da cidade. Chegaron a ter 226 persoas inscritas, das cales 186 foron mulleres e 40 homes.

Nos centros deportivos abertos (CDA) matricularonse 98 estudantes, dos cales 79 foron mulleres e 19 homes.

4. Rutas culturais

Nesta actividade tivemos un total de 770 persoas inscritas, das cales, 431 foron mulleres e 339 homes.

5. Eventos

Neste curso desde o Servizo de Deportes organizáronse varios eventos:

- Campionato BTT + Deporte Galicia: 290 homes e 7 mulleres (marzo)
- Saída da proba Correndo por Ourense (setembro)
- Campionato Galego de 10 000 en aire libre (abril)
- Campionato Internacional de Atletismo. Ourense Termal. Athletics Meeting (xuño)
- III Torneo Internacional de Xadrez: 80 participantes (xullo)

- Copa Galicia Xadrez: 150 participantes (xuño)
- Torneo Campus Xadrez: 60 participantes (outubro)
- Clinic Baloncesto: 40 participantes (xullo)
- Master Class Zumba: 77 participantes (maio)
- XXVIII Xogos Galaico Durienses: 210 participantes (novembro)
- Campionato Galego Universitario de Orientación: 110 participantes (abril)
- Xornada Iniciación ao Rugby: 110 participantes (maio)
- Andaina Nocturna «La Región»: 200 participantes (xullo)

Campus da Auga

- I Congreso Internacional del Agua «Termalismo y Calidad de Vida»; I Simposio Internacional de «Termalismo y Calidad de Vida», Ourense 23 e 24 de setembro de 2015.
- Publicación do libro de actas do I Congreso Internacional del Agua, Termalismo y Calidad de Vida / I Symposium Internacional de Termalismo y Calidad de Vida.
- Presenza cun expositor e presentación do Campus da Auga na Feira Internacional de Turismo Termatalia 2015 Ourense, 24 a 26 de setembro de 2015.

Día Mundial da Auga - Xornadas de portas abertas Campus de Ourense – Campus da Auga

Con motivo da celebración do Día Mundial da Auga, o campus universitario de Ourense Campus da Auga, celebrou o martes 29 de marzo de 2015, unha xornada de portas abertas dirixida a estudantes de educación secundaria e bacharelato das provincias de Ourense e Pontevedra.

Dentro do programa de actividades arredor do Día Mundial da Auga 2016 «Water and Jobs» convocouse un concurso foto-relato (Edición Scholaris) «Auga e Dereitos Humanos» co obxectivo de promover o coñecemento e visualizar o patrimonio que a nosa provincia ten no eido cultural (histórico, artístico, etnográfico...) relacionado coa auga e unha exposición «As esferas da auga», producida polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e Aqualogy, instalada no Edificio Politécnico do campus de Ourense, do 15 ao 31 de marzo de 2015.

Investigación

Proxectos

- (Ciber) Bulling, Heteronormatividade e Etnocentrismo
INOUI6-01 | María Victoria Carrera Fernández | Facultade de Ciencias da Educación
- Proxecto Sancti Salvatoris: Investigación e posta en valor do xacemento do Castelo de Mouresíños, na procura das orixes altomedievais da vila de Allariz
INOUI6-02 | Adolfo Fernández Fernández | Facultade de Historia
- Desenvolvemento de sistemas de microencapsulación para o cribado de metaxenotecas de augas termais da provincia de Ourense
INOUI6-03 | Clara Fuciños González | Facultade de Ciencias
- Estudo das variables implicadas no fracaso escolar en matemáticas dos/as estudantes ourensáns de educación primaria
INOUI6-04 | Valentín Iglesias Sarmiento | Facultade de Ciencias da Educación
- Ferramenta para a análise e xeración de bioimaxes mediante ablación láser con fonte de acoplamento indutivo
INOUI6-05 | Hugo López Fernández | Escola Superior de Enxeñaría Informática
- Recursos hídricos, ordenación do territorio e sustentabilidade ambiental: novidades legislativas e xurisprudenciais
- Tese de doutoramento entregada e pendente de defensa por P. Susana Figueiredo Moutinho: As patentes académicas nas organizacións públicas de investigación: unha análise do sector biotecnolóxico de Portugal, dirixida polos profesores F. J. Fernández e M. Doiro.
- En fase de elaboración dun libro sobre a xestión da innovación polos profesores E. Mandado, F. J. Fernández, M. Doiro e M. G. Freitas Santos.
- En fase de elaboración dun libro sobre a xestión da innovación polos profesores E. Mandado, F. J. Fernández, M. Doiro e M. G. Freitas Santos.
- Participación na 5th International Conference on Integrity, Reliability and Failure (IRF2016) celebrada en Oporto (Portugal) entre el 24 y el 28 de Xullo de 2016: – Coordinación do Symposium_6: “Products and Processes Innovation Through Management in R&D”. G. Santos, M. Doiro, F.J.Fernández y E. Mandado.
- Presentación de catro artigos científicos (papers):

- M. Doiro, F. J. Fernandez, G. Santos, P. Moutinho: «Public subsidies r&d policies evolution since the crisis and proposals for the future. The spanish and galician case».
- P. Moutinho, J. Fernández, M. Doiro: «Academic patenting: a systematic review of the literature».
- G. Santos, E. Mandado: « The challenge of the southern european countries».
- M. Ferreira», R. Silva, G. Santos: «Integration management systems as support to a more proactive and efficient risk management».
- Participación no Foro Industria 4.0 que tivo lugar en Ferrol o 10 de Maio de 2016 organizado pola

GAIN (Xunta de Galicia). Presentación de «Input Shaping: Industrial Applications» por G. Peláez e E. Mandado, único equipo físico presentado polas tres universidades galegas.

- Presentación da 10.^a edición do libro Sistemas electrónicos digitais de E. Mandado, J. L. Martín
- Participación no XII Congreso Tecnología, Aprendizaxe y Ensenanza de la Electrónica (TAEE) celebrado en Sevilla del 22 al 24 de xuño de 2016. Presentación do artigo científico (paper): «Diseño de sistemas digitales mediante procesadores empotrados en un circuito reconfigurable», E. Soto, P. Ríos, C. Quintáns, E. Mandado

Anexo. Membros do IEA (outubro de 2014)

Nome	Apelidos	División	Institución	Titulación
Enrique	Ares Gómez	Innov. Tecnol.	Universidade de Vigo	Doutor enxeñeiro
Manuel	Doiro Sancho	Innov. Tecnol.	Universidade de Vigo	Doutor enxeñeiro
Luis	Eguizábal Gándara	Innov. Tecnol.	Universidade de Vigo	Enxeñeiro Organización
Fco. Javier	Fernández López	Innov. Tecnol.	Universidade de Vigo	Doutor enxeñeiro
Pilar	Fernández Sánchez	Electrónica	Universidad País Vasco	Doutora enxeñeira Organiz.
Celso	Fernández Silva	Electrónica	Universidade de Vigo	Doutor enxeñeiro
Enrique	Mandado Pérez	Electr. E i. T.	IEA	Doutor enxeñeiro
Alfonso	Mandado Vázquez	Innov. Tecnol.	Universidade de Vigo	Doutor enxeñeiro
Luis Manuel	Menéndez Fuertes	Electrónica	Colegio Montecastelo	Doutor enxeñeiro
Gerardo	Peláez Lourido	Electrónica	Universidade de Vigo	Doutor enxeñeiro
Serafín	Pérez López	Electrónica	Universidade de Vigo	Doutor enxeñeiro
Camilo	Quintáns Graña	Electrónica	Universidade de Vigo	Doutor enxeñeiro
José luis	Rodríguez Rivera	Electrónica	Traballador por conta propia	Técnico
Ángel	Salaverría Garnacho	Electrónica	Universidad País Vasco	Doutor enxeñeiro
Gilberto	Santos Freitas	Innov. Tecnol.	Inst. Pol. Cavado Ave	Doutor enxeñeiro
Enrique	Soto Campos	Electrónica	Universidade de Vigo	Doutor enxeñeiro
Victor Giraldo	Valdés Pardo	Electrónica	Fomento Profesional S. L.	Doutor
María Alicia	Valdés Peña	Electrónica	Traballadora por conta propia	Enxeñeiro



Campus do Mar

A proposta Campus do Mar, liderada pola Universidade de Vigo, obtivo a cualificación de campus de excelencia internacional de ámbito rexional na convocatoria do programa Campus de Excelencia Internacional do Ministerio de Educación; convocatoria destinada a mellorar a calidade, visibilidade, competencia e atractivo das universidades españolas. Campus do Mar ten a finalidade de impulsar a colaboración con outras entidades mediante acordos de longo prazo nos ámbitos docentes de posgrao, de investigación, de innovación tecnolóxica e de transferencia de coñecemento, e fortalecer un sector económico de importancia crucial para o ámbito xeográfico de influencia. Créase así en Galicia un polo científico-tecnolóxico do mar capaz de converterse nun referente no ámbito internacional.

En decembro de 2015 o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte fixo pública a resolución sobre a avaliación final dos proxectos seleccionados en 2010 no programa de Campus de Excelencia Internacional. Esta resolución sustentouse no informe elaborado pola comisión internacional sobre o progreso dos proxectos con respecto aos criterios de avaliación e indicadores establecidos no procedemento de seguimento. O proceso de avaliación tiña como obxecto verificar a procedencia do mantemento da cualificación como Campus de

Excelencia Internacional dos diferentes CEI. De acordo coa resolución, Campus do Mar mereceu a cualificación definitiva como Campus de Excelencia Internacional no contexto europeo.

Durante o curso académico 2015/2016 as principais actuacións desenvolvidas nos ámbitos de actuación do proxecto foron as seguintes:

Coordinación do proxecto

- Elaboración do informe final de seguimento do proxecto: en setembro de 2015 entregouse o informe final do proxecto, no marco da avaliación dos campus de excelencia internacional realizado polo Ministerio de Educación.
- No marco da convocatoria de axudas para a consolidación de proxectos de excelencia das universidades, en réxime de concorrencia competitiva para o desenvolvemento e reactivación de proxectos de Universidades e Campus de Excelencia Internacional (CEI), da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, obtívose unha subvención de 166.845 para a realización de tres actuacións nos ámbitos do Impulso a Internacionalización, do programa de

doutoramento DO*MAR, no reforzamento da rede CEL.MARNET e do fomento da empregabilidade mediante as prácticas preprofesionais.

- Deseño e posta en marcha dunha estrutura de gobernanza conxunta co polo portugués do Campus do Mar. Ao longo dos primeiros meses de 2016 tiveron lugar varias xuntanzas para debater o modelo organizativo do que dotarase o Campus do Mar de cara ao seu desenvolvemento no horizonte 2016-2020.

Conectividade entre os socios

- Campus Dixital do Mar: O Campus Dixital do Mar é un conxunto de servizos dixitais de e-colaboración, videoconferencia aplicada avanzada, teleensino e Web TV, deseñada co obxectivo de proporcionarlles aos integrantes do Campus do Mar un conxunto de espazos dixitais, que apoiem o seu labor investigador, docente, de transferencia e de interacción coa contorna territorial. Para a prestación destes servizos conxuntamente cos servizos de videoconferencia AccessGrid e UVigo-TV, renovouse o expediente de contratación 313/15, servizos de operación, mantemento e mellora continua do Campus Multimedia da Universidade de Vigo cuxo contrato se asinou o 31 de agosto de 2016.

Mellora docente e adaptación ao EEES

Eixe estratéxico de internacionalización

- No ámbito da mobilidade de estudantes, convocáronse axudas de mobilidade para alumnado do programa de doutorado DO*MAR destinadas a realizar estadias de investigación en universidades e centros de investigación estranxeiros de recoñecido prestixio internacional (dez axudas realizadas entre outras nas universidades de York, Gothenburg, South Carolina, Rennes e Mar del Plata)
- Cooperación ao desenvolvemento Campus do Mar-Cabo Verde: executouse a primeira anualidade da axuda obtida na convocatoria 2015 de axudas da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, para a execución de proxectos e de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación financiamento para o

proxecto «Fortalecemento de institucións académicas e de investigación en Cabo Verde coma contribución ao desenvolvemento social, económico e ambiental do sector mariño». As principais actividades desenvolvidas inclúen o deseño e a execución de tres cursos de especialización (Estatística pesqueira en marzo de 2016, Técnicas estatísticas e análise multivariante en abril de 2016 e Escritura científica en maio de 2016) e o obradoiro de transferencia e emprendedorismo con base no coñecemento en abril de 2016, así como o inicio de catro novas teses por doutorandos e doutorandas caboverdianas.

Mellora científica e transferencia de coñecemento

Eixe estratéxico de investigación

- Programa de captación de talento posdoutoramento de Campus do Mar (FELLOWSEA), cofinanciado a través dunha acción Marie Curie, (COFUND) do 7a Programa marco, para a contratación, durante 36 meses, de nove investigadores e investigadoras experimentadas, non residentes en España, para que desenvolvan a súa investigación nas institucións do Campus do Mar. O proceso de selección resolveuse en marzo de 2016.
- Dentro do programa de captación de talento novo, desenvolvéronse de novo os Campus Científicos de Verán, financiados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Un total de 120 estudantes chegados de toda España repartidos en catro quendas dunha semana cada unha, desenvolveron diferentes proxectos científicos e tecnolóxicos nos laboratorios do Campus de Vigo e do Instituto Español de Oceanografía ao longo do mes de xullo de 2016. A formación complétase con conferencias, sesións teóricas, actividades culturais, deportivas e de lecer.
- No ámbito da mobilidade de estudantes, docentes e investigadores convocáronse axudas de mobilidade para estudantes do mestrado en oceanografía destinadas a realización de estadias noutras universidades da rede CEL.MARNET, financiadas polas axudas para a consolidación dos campus de excelencia

Eixe estratéxico de transferencia

A Área de Transferencia de Tecnoloxía desenvolveu o

seu plan de acción enmarcado dentro dos tres grandes eidos de actuación da Área: transferencia de tecnoloxía e resultados de investigación, fomento da cultura emprendedora e apoio á empregabilidade de estudantes, que se completaron coas seguintes actuacións.

Actividades de transferencia de tecnoloxía e resultados de investigación

- Participación como socio promotor do proxecto Blue Growth (Crecemento Azul) liderado pola Autoridade Portuaria de Vigo, xunto coas consellerías de Mar e Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e o Consorcio de la Zona Franca de Vigo. Para o desenvolvemento do plan estratéxico do proxecto, celebráronse numerosos grupos de traballo en 15 áreas definidas por campos de actividade relevantes para o Porto e a súa contorna. Estas áreas están constituídas polos axentes (empresas, institucións e organizacións) considerados clave en cada unha das temáticas. O plan materialízase en 38 proxectos, cos seus correspondentes obxectivos, actividades, axentes, indicadores de rendemento e financiamento, e en 44 accións Accións Específicas que, non sendo susceptibles de conformar un plan de acción, deben levarse a cabo de cara á consecución dalgúns dos obxectivos establecidos nas Áreas de Traballo.
- Desenvolvemento do grupo de traballo Campus do Mar-Cluster TIC Galicia, para a posta en contacto da investigación desenvolvida no Campus do Mar con sector empresarial TIC de Galicia e os sectores mariños estratéxicos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. No primeiro trimestre do curso mantivéronse varias reunións no campus universitario de Vigo para o deseño de ideas de proxectos colaborativos e identificación de oportunidades de financiamento, coa participación de representantes de Gradient, Atlantic, Citic, Cesga, Citius e directivos de máis de 15 empresas TIC de Galicia con interese en áreas mariñas e marítimas, así como representantes de clústeres empresariais TIC. Así mesmo, leváronse a cabo varias reunións por videoconferencia con representantes de centros e clústeres empresariais TIC de Portugal como INESC-TEC- Instituto de Enxenharia de Sistemas e Computadores, Universidade do Porto-Facultade de Enxenharia (FEUP) e o clúster TIC portugués TICE.

PT-Associação para o Pólo das Tecnoloxías de Información, Comunicación e Electrónica.

- Colaboración na organización das Xornadas sobre O papel dos pavillóns de conveniencia no sector da pesca e normativa da UE, en colaboración coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo no marco do Jean Monnet Module: Summer course crossing borders in the European Area of Justice: Civil, commercial and criminal matters, desenvolvidas o 15 de xuño de 2016 no Colexio de Avogados de Vigo.
- Coordinación, xestión e participación en propostas de proxectos e solicitude a programas de financiamento europeos e nacionais de I + D + i transferencia de tecnoloxía en diversas temáticas mariñas.
- Proxecto Aquadiamond: deseño dun programa de reforzo da capacidade de internacionalización da cadea de valor do sector acuícola baseado no incremento da competitividade, a cooperación e o desenvolvemento de servizos de apoio, liderado por CETGA e coa participación de 10 entidades empresariais, centros tecnolóxicos e universidades de Francia, Portugal e España e presentado á primeira convocatoria Interreg V SUDOE 2014-2020 en novembro de 2015.
- Proxecto Network of Agrifood ecosystems in SUDOE space for the promotion of rexional socio-economic growth, liderado pola Fundación Triptolemos e coa participación de CEI, asociacións e clústeres empresariais, centros tecnolóxicos e universidades de Francia, Portugal e España, que presentado á 1.ª convocatoria Interreg V SUDOE 2014-2020 en novembro de 2015.
- Proxecto MARIINNTIC: rede transfronteriza para a promoción da innovación e o desenvolvemento de sectores mariños estratéxicos a través das TIC, liderado por CDM e coa participación de 12 socios de Universidades, centros tecnolóxicos, clústeres empresariais e empresas do sector mariño e TIC de España e Portugal, que foi presentado á 1.ª Convocatoria POCTEP 2014-2020 en xaneiro de 2016.
- Proxecto Acuaenergy, desenvolvemento de solucións enerxéticas sostibles para a industria acuícola, liderado por Cetga, e integrado por seis entidades de investigación, clústeres empresariais e pemes da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e no que CDM participa como socio. O proxecto foi presentado á 1.ª

- Convocatoria POCTEP 2014-2020 en xaneiro de 2016.
- Proxecto Seafarming 4.0: innovación en acuicultura de precisión, liderado por CETGA e no que CDM participa como socio. O consorcio da proposta está formado por centros tecnolóxicos, universidades e empresas da Eurorrexión e foi presentado á 1.ª Convocatoria POCTEP 2014-2020 no mes de xaneiro de 2016.
- Proxecto Redemar: Rede de Investigación Transfronteiriça em Energías Renováveis Marinhas, liderado pola Facultade de Enxenharia da Universidade do Porto no que participan entidades de I+D e varias universidades de Galicia e Norte de Portugal. O proxecto foi presentado en xaneiro de 2016 á 1.ª Convocatoria POCTEP 2014-2020.
- Proxecto Oipca «As orixes da industria pesquero-conserva atlántica (Andalucía, Algarve, Alentejo e Galicia): prevención de riscos naturais, conservación patrimonial e fortalecemento turístico» liderado pola Fundación CEIMAR para a intercolaboración de CEI ibéricos do ámbito mariño. O proxecto foi presentado na 1.ª Convocatoria POCTEP 2014-2020 como proxecto plurirrexional.
- Proxecto Atlant2Ic «A Technology-Led Approach and Network for Technology Transfer and Innovation through Clusters?», liderado polo Clúster empresarial inglés Mersey Maritime e Liverpool John Moores University e integrado por máis de nove entidades agregadoras empresariais e de investigación mariña de Reino Unido, Francia, Noruega, Portugal, España e presentado na convocatoria europea de Espazo Atlántico en xuño de 2016. O obxectivo principal do proxecto e construír un superclúster transnacional sostible, orientado á innovación e á transferencia de tecnoloxía.
- Coordinación e xestión do proxecto Sherpa do Mar: rede transfronteiriça para o impulso do emprendemento e o fortalecemento da competitividade das pemes e no sector mariño e marítimo, liderado polo Campus do Mar e no que participan universidades, centros de apoio ao emprendemento e incubadoras de empresas e entidades de I + D da eurorrexión. O proxecto foi presentado á 1.ª Convocatoria POCTEP 2014-2020 en xaneiro de 2016.
- Proxecto Egast: Centro de Evolución Gastronómica de Galicia e Norte de Portugal, liderado por CZFV e no que participan máis de dez entidades de investigación, de apoio ao emprendemento e asociacións empresariais de Galicia e Norte de Portugal, entre os que se atopa CDM. O proxecto foi presentado á 1.ª Convocatoria POCTEP 2014-2020.
- Deseño dunha nova edición do programa de Emprendemento mariño nas zonas costeiras Empreamar-GALP, e presentación a 1.ª convocatoria de financiamento dos GALP en agosto de 2016, sendo o solicitante o Concello de Moaña. O obxectivo principal do proxecto é o fomento do emprendemento orientado ao aproveitamento sostible dos recursos mariños endóxeos do territorio do GALP 7. Estrutúrase en tres eixes principais: formación para o emprendemento, casos de éxito-toma de contacto con empresas e concurso de proxectos-preincubadoras de empresas-asesoramento científico-técnico e empresarial.
- Participación do proxecto de emprendemento mariño local Empreamar, como exemplo de boas prácticas, na Sesión Técnica sobre Dinamización Empresarial do Congreso Ibérico-XV Congreso Nacional de Acuicultura, celebrado en Huelva o 15 de outubro de 2016. A coordinadora da área de transferencia presentou aos asistentes o proxecto, obxectivos, resultados acadados e previsión de futuro.
- Organización da segunda edición do 3DayStartup Vigo-Mar, un evento para o fomento do espírito emprendedor universitario no eido TIC-Mar que tivo lugar entre o 6-8 de novembro de 2015. Os/as 38 estudantes de diferentes universidades do país asumiron o reto de crear una empresa de base tecnolóxica no ámbito mariño en tres días. Os alumnos/as, elixidos entre preto de 140 solicitantes, traballaron en equipo no desenvolvemento das súas ideas de negocio, co asesoramento persoal e altruísta

Actividades de fomento da cultura emprendedora Empreamar

O segundo eixe de actuación da Área de Transferencia Tecnolóxica do Campus do Mar céntrase no Programa de fomento da cultura emprendedora, que nace co obxectivo de promover a creación de empresas de base tecnolóxica, xurdidas da actividade investigadora desenvolvida no seo do Campus do Mar. As principais actividades iniciadas no marco do programa Empreamar describíense a continuación:

de máis de 20 mentores especializados en diversas áreas de coñecemento mariño.

Actividades de apoio á empregabilidade do estudiantado

- Como elemento central do Programa estase a desenvolver dun modo continuo a busca de ofertas de traballo (contratos e bolsas) coa finalidade da actualización diaria da plataforma web de ofertas de emprego de ámbito mariño MARJOB. MARJOB dispón dun espazo en rede orientado ao sector empresarial a través do cal se poden difundir e xestionar as ofertas. Dende o lanzamento de MARJOB o 1 de marzo de 2013 publicáronse máis de 3000 ofertas de emprego nacionais e internacionais que deu lugar máis de 110000 visitas únicas á web.
- Proxecto Blue-FISGA «Filling the Skills Gap of Aquaculture Value Chain as a node to foster a sustainable blue economy in the Atlantic Iberian Coast» presentado á convocatoria Blue careers in Europe, o 31 de maio de 2016. O proxecto trata de potenciar o crecemento sostible e intelixente e a xeración de emprego da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal a través de formación en novos ámbitos da cadea de valor do sector da acuicultura, incluíndo a produción, os servizos asociados e a industria. O proxecto prevé establecer novos vínculos e sinerxías entre as institucións académicas e a industria, mellorando a comunicación entre as entidades para desenvolver novas programas formativos, cubrir carencias de coñecemento no ámbito local e rexional, incrementar a empregabilidade de estudantes e traballadores/as do sector da acuicultura e aumentar así como desempregados. O proxecto está liderado por Cetmar, e o consorcio está conformado por FOR-MAR–Centro de Formación Profesional das Pescas e do Mar, o clúster empresarial mariño Fórum Oceano–Associação da Economía do Mar, o Centro Interdisciplinar de Investigación Marinha e Ambiental (CIIMAR) e o Campus do Mar.
- Campus do Mar presentou un proxecto para mellorar a empregabilidade dos/as estudantes de mestrado á convocatoria de axudas para a consolidación dos Campus de Excelencia do Ministerio de Educación que inclúe a implantación dun programa de prácticas profesionais nos centros e plataformas tecnolóxicas do

Campus do Mar, e que supuxo a convocatoria de dez axudas para prácticas profesionais en Anfaco, EnergyLab, Gradient e CETGA.

Transformación do campus. Proxección social e cultura científica

Programa Campus Mar Life

Durante o curso 2015/2016 continuouse coa actividade deste programa que pretende achegar á comunidade do Campus do Mar o coñecemento do océano a través de accións deportivas, lúdicas e culturais. Desenvolvéronse as seguintes accións:

- Actividades deportivas: bautismos de vela, windsurf, surf, descenso de ríos (rafting), flyboard e kaiak baixo o nome de CampusMar Life-Augaventura e que se organizaron conxuntamente co Servizo de Deportes da Universidade de Vigo. Durante o curso 2015/2016 organizáronse as edicións de outono e primavera nos meses de outubro e abril.
- Xornada «Bo uso e mal uso do mar»: levada a cabo en Pontevedra o 26 de outubro de 2015 coorganizada polo Campus do Mar, a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte e o Consello da Cultura Galega, constituíu un primeiro acercamento á toma de conciencia da importancia dos océanos para a vida na Terra e da interrelación entre estes e os seres humanos.

Programa de cultura científica

- Proxecto Mergúllate no Océano 2016: actividade divulgativa que persigue o achegamento da cidadanía ás ciencias e tecnoloxías mariñas a través do traslado de laboratorios divulgativos a puntos estratéxicos da xeografía galega. En 2016 esta actividade Vigo, Cangas, Cedeira, A Illa de Arousa e Marín, nos meses de xullo e agosto.
- Día Mundial dos Océanos: Campus do Mar sumouse o 9 de xuño á conmemoración do Día Mundial dos Océanos, que organizou en colaboración co Concello de Moaña e a Asociación de Oceanógrafos de Galicia uns obradoiros na praia da Xunqueira na que o alumnado de primaria e secundaria do concello moañés, así como o público en xeral, puideron descubrir diferentes aspectos relativos á investigación mariña

Escola Internacional de Posgrao

*Programa de doutoramento Marine Sciences,
Technology and Management (Do*Mar)*

No curso 2015/2016, o Programa de doutoramento DO*MAR recibiu 63 novos estudantes: 31 da Universidade de Vigo, 15 da Universidade de Santiago de Compostela, 7 da UDC, 7 da Universidade de Aveiro, 2 da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD) e 1 da Universidade do Minho. O número total de estudantes do programa é de 185.

Os países de orixe destes novos estudantes inclúen 9 de Portugal, 3 de Brasil, 2 de Italia, 1 de Mauritania, 1 de Mozambique, 1 de México, 1 de EUA e 1 de Exipto.

Neste ano académico impartíronse sete cursos de formación avanzada e seis de formación transversal.



Fundación Universidade de Vigo


*1 Prácticas académicas externas
extracurriculares da Universidade de Vigo*

Recóllense o total de prácticas académicas externas extracurriculares realizadas dende o 1 de setembro de 2015 ata o 31 de agosto de 2016.

Número total de bolseiros/as por campus:

Campus	Bolseiros/as
Campus de Vigo	803
Campus de Pontevedra	212
Campus de Ourense	254
Total	1269


Bolseiros clasificados por campus



Núm. total de bolseiros/as por ámbito:

Ámbitos	Bolseiros/as
Arte e humanidades	53
Ciencias da saúde	55
Científico	145
Tecnolóxico	399
Xurídico-social	617
Total	1269

Bolseiros clasificados por ámbito de estudos



Núm. total de bolseiros/as clasificados por sexo:

Ámbitos	Bolseiros/as
Mulleres	685
Homes	584
Total	1269

Convenios de cooperación educativa con empresas e outras entidades realizar as prácticas do alumnado: 359 convenios.

Bolsas Santander-Crue-Cepyme. Convocatoria 2015/2016

- Número de bolsas adxudicadas polo Banco Santander á Universidade de Vigo: 118
- Remate do prazo de presentación de solicitudes de alumnos/as e empresas: 31/01/2016

Proxecto	Promotores: número e tipo	Sector	Data da cualificación
Quiroo	Unha persoa egresada en ADE; unha externa.	TIC (sector sanitario)	3/08/2016
Health Biomat Tech	Dous investigadores/as	Biotecnoloxía	17/06/2016
Merasy	Tres persoas egresadas en enxeñaría; unha externa	TIC (sector industrial)	17/06/2016
Ibeetel	Dúas persoas egresadas en Enxeñaría Técnica	TIC (sector agrícola)	17/06/2016
Meigalabs	Tres persoas egresadas en Enxeñaría Informática	TICS (videoxogos)	17/06/2016
Welcome Plus	Dúas persoas egresadas en enxeñaría; dúas externas	TIC	18/11/2015
Nemo	Dúas externas	TIC	17/09/2015

2.2 Proxecto Incuvi

Acción realizada en colaboración coa Área de Emprego da Universidade de Vigo é Cidade Universitaria. Ao longo de 2016 os promotores dos doce proxectos gañadores realizaron actividades formativas e recibiron tutorización para o desenvolvemento dos seus proxectos empresariais.

Proxectos premiados:

Campus de Ourense

- Barbook: proxecto centrado nunha aplicación enfocada a impulsar, mellorar e manter as relacións e interaccións entre persoas nos diferentes locais de ocio.
- Enviroverde: proxecto que nace co obxectivo de por en valor o rural galego a través da xestión de explotacións agroecolóxicas mediante a creación de alternativas ao uso masivo de fertilizantes inorgánicos e aos usos intensivos do solo.

Empresas e alumnado participante:

Inscritos	Alumnos/as	Empresas
Pontevedra	611	280
Ourense	253	85
Outras provincias	130	7
Total	994	372

2 Emprendemento: asesoramento a empresas de base tecnolóxica e proxecto Incuvi

2.1 Asesoramento a empresas de base tecnolóxica

Listaxe de EBT asesoradas pola Fundación Universidade de Vigo e cualificadas no programa de axudas de IEBA da Xunta de Galicia.

- Brigantia: cooperativa de iniciativa social para fomentar o desenvolvemento sostible, a reciclaxe, a lingua galega e a igualdade de xénero.
- A orixe: proxecto concibido co obxectivo de crear unha empresa dedicada á acumulación, acondicionamento, envasado, distribución e comercialización de produtos agrarios galegos de calidade diferenciada.

Campus de Vigo

- Looptronic: un proxecto que se basea nunha solución TIC que axuda a coñecer todo o que sucede nas máquinas e procesos da empresa en calquera momento e lugar.
- Beeleader: proxecto baseado nun portal web, complementado con aplicacións móbiles interactivas, onde os usuarios/as poderán acceder a un amplo directorio de persoas coñecedoras da súa rexión/cidade e que se presentan coma guías turísticas

especializadas á súa disposición.

- Bluelion: céntrase na satisfacción das necesidades de moda e ocio da mocidade, fusionando ambos sectores baixo o mesmo nome comercial a través dunha plataforma de e-commerce.
- Awesome soft: proxecto do ámbito tecnolóxico enfocado cara ao desenvolvemento de soporte lóxico (software) de entretemento, principalmente para plataformas portátiles con sistema operativo Android.
- Micromacrolog: proxecto centrado na creación dunha organización especializada no mundo das setas, baseándose no desenvolvemento sostible das explotacións e servindo como empresa conselleira, de xestión e avaliación de proxectos.
- Mykeeper: idea baseada na produción e comercialización dunha pulseira de xeolocalización, cun elemento detector de actividade e destinada ás persoas enfermas de alzhéimer ou doenzas similares.

Campus de Pontevedra

- Freebee: a idea de negocio xorde da problemática que supón para os apicultores/as a invasión da avespa asiática e o proxecto consiste na construción dun sistema patentado para acabar con esta praga.
- LAG: proxecto para a posta en marcha dun taller de serigrafía cunha mercadotecnia baseada en frases e ilustracións propias

3 Centro de Linguas: datos de cursos, exames, alumnado e matrícula

O Centro de Linguas é centro formador en idiomas; acreditador de nivel, a través das certificacións oficiais CertAcles; e examinador de organizacións de referencia como o TOEFL e o Instituto Cervantes.

Os cursos do Centro de Linguas adáptanse ás directrices do Consello Europeo en materia de niveis de lingua e procedementos de avaliación, segundo se especifica no Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER). Os certificados de acreditación de nivel axéitanse polo tanto ao estándar de recoñecemento internacional.

Cursos e idiomas

Durante o curso 2015/2016, impartíronse cursos cuatrimestrais e intensivos de verán dos seguintes idiomas: alemán, español para estranxeiros/as, francés, inglés, conversa en inglés, inglés, italiano, lingua e cultura persa, portugués, preparación dos exames oficiais de Cambridge (FCE e CAE), do que o CDL é preparador oficial, Iniciación a docencia do español como lingua estranxeira (en colaboración co Instituto Cervantes) así como cursos de lingua para fins específicos.

Os exames correspondentes aos cursos cuatrimestrais de inglés B1, B2 e C1 outorgan a acreditación CertAcles.

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos de libre elección ou ECTS da Universidade de Vigo, cando se cursen idiomas que non formen parte do plan de estudos do/a estudante.

Acreditacións

Realízanse exames de acreditación CertAcles: nivel B1, B2 e C1 de inglés, e nivel B1 de francés e alemán.

O Centro de Linguas é centro examinador do DELE (diploma do español coma lingua estranxeira) avalado polo Instituto Cervantes e do Test of English as a Foreign Language™ (TOEFL).

HELA (Higher Education Lecturing Accreditation)

En colaboración coa Vicerreitoría de Estudantes e no marco do Plan de internacionalización lingüística aprobado pola Universidade de Vigo, realízase o exame HELA, que fixa os criterios e procedementos de acreditación para a docencia en inglés.

Esta proba complementase coa organización de cursos específicos destinados ao profesorado da Universidade de Vigo centrados nas competencias necesarias para a impartición de docencia en lingua inglesa.

ISEP (Direct Summer Program: Teach English, Learn Spanish)

Organízase neste curso académico a terceira edición do ISEP, programa intensivo de formación en lingua española e en metodoloxía docente para futuros profesores/as de español. Para facilitar unha inmersión lingüística e cultural total do alumnado, durante a súa estada alóxase

en fogares familiares no centro de Vigo. O programa complementábase cun módulo de realización de prácticas docentes do alumnado.

O programa está inserido no marco do intercambio ISEP, que é unha rede de máis de 200 universidades de todo o mundo que promove a mobilidade do alumnado con EUA; a Universidade de Vigo é unha das 10 universidades españolas participantes nesa rede e a única que oferta un programa de verán das seguintes características.

Alumnado

No curso 2015/2016, o número de alumnos/as matriculados no Centro de Linguas distribuíronse do seguinte xeito: 1179 alumnos/as nos cursos cuatrimestrais; 277 nos cursos de verán; 747 en exames de acreditación de niveis, exame DELE, e HELA, TOEFL; e 408 alumnos/as noutros cursos específicos.

Dado que as acreditacións dos cursos de inglés son CertAcles tamén, cabe distinguir entre acreditacións propias, 185, e as alleas, 318.

Número total de alumnado: 2426 alumnos/as matriculados no curso 2015/2016

Do total de matrícula dispoñemos de datos de 1456 estudantes para clasificalos por sexo: un 56 % do alumnado feminino (incremento dun 3 % con respecto ao anterior) e un 44 % de alumnado masculino.

4 Comunicación e difusión de actividades

A Fuvi xestiona o programa de comunicación e difusión de actividades da Universidade de Vigo. As funcións principais obxecto do programa concréntanse principalmente nas seguintes actividades:


- Redacción e mantemento do diario electrónico da Universidade (Duvi)
- Deseño, redacción, elaboración de expedientes e de todos os materiais e documentos, para calquera tipo de soporte, necesarios para desenvolver o traballo de comunicación.
- Atender a demanda e tramitar as peticións de información de medios especializados e de comunicación.

- Elaboración de cronogramas, plans de medios e as outras actividades necesarias.
- Posta en marcha da actividade de deseño gráfico (Área de Imaxe).
- No ano 2015 cómpre destacar a participación na organización e seguimento dos actos de celebración do 25 aniversario da Universidade de Vigo.

No curso académico 2015/2016 o balance de publicacións realizadas é de 1437, que de xeito desagregado por campus e áreas son:

Publicacións por campus (De setembro de 2015 ata agosto de 2016)	Totais
Campus de Ourense	415
Campus de Pontevedra	394
Campus de Vigo	628
Total	1437

Publicacións por campus



Publicacións totais por temas (Setembro de 2015 ata agosto de 2016)	Totais
Institucional	285
Investigación	296
Actividades académicas	207
Cultura	227
Alumnado	241
Deportes	135
Publicacións	45
Total	1437



Área de Imaxe

En 2015 ampliábase o traballo realizado en comunicación ao pñerse en marcha a actividade de deseño gráfico sobre distintos materiais e soportes de comunicación, seguindo o Manual de identidade corporativa aprobado pola Universidade de Vigo, co obxecto de facilitar a aplicación da imaxe da institución e proxectar así unha identidade de marca, homoxénea e coherente.

En concreto, comézase a realizar o deseño gráfico para os distintos soportes utilizados, tanto na comunicación interna como externa. Estes son os principais traballos realizados:

- Maquetación de documentos (libros, informes etc.)
- Promoción de eventos: deseño de material (carteis, folletos, roll-ups, flyers, anuncios...) para os eventos e actividades desenvolvidos polos diferentes centros. Neste apartado inclúese a coordinación de campañas de promoción da Universidade, e a redacción e locución de cuñas publicitarias.
- Asesoramento e aplicación da identidade corporativa: deseño e asesoramento sobre o uso da identidade corporativa visual (ICV) da Universidade de Vigo. Creación de novos logotipos e aplicación dos existentes en páxinas web, sinalización ou papelería.

Traballos realizados pola Área de Imaxe (De setembro de 2015 ata agosto de 2016)	Totais
Maquetación de documentos	29
Promoción de eventos	127
Identidade corporativa	132
Total traballos	288

5 Outras actividades


5.1 Cursos de formación para o emprego

Neste período organizáronse seis xornadas formativas no Campus de Vigo. O contido recóllese nos seguintes tres obradoiros de traballo:

- Taller 1: Competencias clave para a busca de emprego (4 h)
- Taller 2: Elaboración do currículo, carta de presentación e busca de emprego (3 h)
- Taller 3: O proceso de selección e a entrevista (3 h)

5.2 Realización do «Informe de prácticas académicas externas extracurriculares por sectores empresariais e titulacións no curso académico 2015/2016»

Dáselles continuidade aos informes realizados desde o curso académico 2011/2012, examinando a evolución das prácticas, alumnado e empresas (informe realizado en colaboración co Consello Social).



Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á investigación (CACTI)

O Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico á Investigación, coñecido pola siglas CACTI, foi e é unha aposta da Universidade de Vigo pola investigación básica e aplicada de calidade no ámbito nacional e internacional.


O CACTI ten como obxectivo a adquisición, xestión e utilización centralizada de grandes equipamentos científicos para cubrir as necesidades dos grupos de investigación da Universidade que non os poden adquirir polo seus propios medios e son indispensables para unha investigación con recoñecemento internacional. Non obstante, debido á dimensión de servizo público, o CACTI tamén oferta os

seus servizos a outras institucións públicas e a empresas.


O CACTI cobre os servizos máis destacados da investigación científica: determinación estrutural e proteómica, nanotecnoloxía e análise de superficies, microscopía electrónica, desenvolvemento sostible e seguridade alimentaria (en Ourense), teledetección e talleres de mecanizado e electrónica. Así, o CACTI nas dúas sedes de Vigo e Ourense, configúrase como un centro dotado dunha moi alta infraestrutura de investigación sen comparación no noso contorno xeográfico.

Cientes	Importe	IVE	Total da facturación
Universidade de Vigo	169 734,07	0	169 734,07
Outras univ. e org. públicos	109 760,10	13 775,60	123 535,70
Empresas	63 569,72	9110,00	72 679,72
Totais	343 063,89	22 885,60	356 949,49


Evolución da facturación CACTI 2011-2015




Facturación do CACTI 2015



Evolución da facturación 2011-2015




Facturación a OPI no ano 2015




Solicitudes do CACTI no ano 2015

Solicitudes por meses 2015



Evolución solicitudes 2011-2015



Relación de equipos adquiridos polo CACTI no ano 2015

Obxecto de adxudicación	Importe
Tensiómetro See System E	2816,00 €
Microscopio DVM 2500	44 165,00 €

Cursos impartidos por Detección Remota (Ramiro Álvarez Clavero) durante 2015

- Curso: Modelos dixitais do terreo (MDT) e ortofotos con aeronave non tripulada (UAV). (8 horas, 11 de maio 2015, anexo a Xerencia)
- Curso: Modelos dixitais do terreo (MDT) e ortofotos con aeronave non tripulada (UAV). (8 horas-30 de outubro de 2015, anexo a Xerencia)
- Obradoiro de modelado 3D con aeronaves non tripuladas (UAV). (8 horas-12 de febreiro de 2015, anexo a Xerencia)

Cursos realizados polo persoal do CACTI no ano 2015

Servizo de Natotecnoloxía e Análise de Superficies

- Tatiana Padín Gómez. Xornadas sobre prevención de riscos laborais: Xestión de riscos laborais en traballadores expostos a nanomateriais Universidade de Vigo Edificio Miralles (Aulario) Aula 1, 09/03/2015 (3 h)

18th International Conference on Non-Contact Atomic Force Microscopy IM2NP Centro de Congresos Cassis (Francia) 07/09/2015 – 11/09/2015 40h

- Paula Barbazán Martín

Xornadas sobre prevención de riscos laborais: Xestión de riscos laborais en traballadores expostos a nanomateriais Universidade de Vigo Edificio Miralles (Aulario) Aula 1 09/03/2015 3h

Nanomechanical Testing in Materials Research and Development V ECI Hotel Real Santa Eulalia – Albufeira (Portugal) 04/10/2015 – 09/10/2015 48h

Servizo de Seguridade Alimentaria (Ourense)

- M^a Carmen García Meijide
- ASAP 2020 Micromeritics 19-20/2/15 10h
- 18º Ensayo de aptitud sobre AEO - Universidad de Barcelona – Bilbao 29-5-2015
- Excell Nivel II Uvigo-Formación PAS En liña 8-6-15 ao 3-7-15 20h
- Cristina Pérez Novo
- ASAP 2020 Micromeritics 19-20/2/15 10h
- VII Simposio Nacional sobre control de la degradación y restauración de suelos SECS, Universidade de Euskadi, impartido por Neiker Tecnalia, Gobierno Vasco, Bilbao 23-26/06/15 30h
- V Xornadas da Delegación territorial de Galicia da Sociedade Española da Ciencia do solo, Universidade de Vigo/ USC/SECS DT-Galicia, Ribeira Sacra 9-10/07/15 24h
- Word. Nivel I. Universidade de Vigo, Formación PAS, en liña (21-9-15 ao 15-10-15, 20h)
- Word. Nivel II. Universidade de Vigo, Formación PAS, en liña (4/11/2015 ao 27-11-15, 20 h)



Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI)

A presente memoria é un resumo das actividades desenvolvidas no Centro de Investigación, Transferencia e Innovación da Universidade de Vigo (CITI) durante o curso académico 2015/2016. Nesta describimos as actividades realizadas dende outubro de 2015 ata xullo de 2016.

Equipo de dirección e administración

As actividades descritas son froito dun traballo en equipo integrado por:

- Director: Xosé Antón Vila Sobrino
- Técnica superior de biotecnoloxía encargada da planta piloto: Beatriz Díaz Reinoso
- Técnico da Oficina de Proxectos de I + D + i: Alberto Rellán, contratado pola universidade como xestor de innovación. Aínda que traballa no CITI, non depende organicamente desta dirección, senón directamente do Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.
- Bolseira de formación de I + D + i: Maruxa Mosquera Fernández
- Bolseiro de formación de informática: Rubén Romero González

- Alumno en prácticas académicas externas: Rubén Comesaña Figueiras

Actividades de colaboración con asociacións empresariais, centros tecnolóxicos e empresas

Na actualidade os grupos de investigación da Universidade de Vigo con espazos no CITI son Informática Gráfica, Biotecnoloxía Agroalimentaria, Seguridade Alimentaria e Toxicoloxía Ambiental, Investigación de Informática Aplicada e Sistemas Informáticos de Nova Xeración, Termofísica, Edafoloxía e Química Agrícola, Enxeñaría Química, Microbioloxía e Valorización e Biomasa.

A cesión destes espazos aos grupos de investigación asinouse o 4 de xullo de 2013 por un período de tres anos renovables. Neste momento estase a facer un estudo sobre a dispoñibilidade de espazos para a titulación de Enxeñaría Aeroespacial. A intención da dirección e da Vicerreitoría de Investigación e facer unha nova planificación do uso dos espazos do CITI e, a continuación, sacar unha nova convocatoria de cesión de espazos, a cal poderán acudir os grupos con presenza actual no CITI. Mentres non saia a convocatoria entenderanse prorrogados os actuais convenios de cesión ata a resolución de dita convocatoria.

Referencias ao CITI

Cada ano, con motivo da redacción da memoria anual, o CITI solicítalles aos grupos de investigación residentes que cubran un formulario para recoller información relevante sobre o financiamento acadado no período correspondente, a valorización da propiedade industrial e intelectual, a excelencia investigadora e outras actividades relacionadas co CITI.

A participación, e polo tanto a cooperación, para recompilar estes datos no período 2015/2016, redúcese aos seguintes grupos: Biotecnoloxía Agroalimentaria, Enxeñaría Química, Sistemas Informáticos de Nova Xeración e Seguridade Alimentaria e Toxicoloxía Ambiental. Os datos presentados a continuación son, así pois, incompletos:

- Referencias ao CITI en publicacións científicas: 15
- Referencias ao CITI en comunicacións en congresos: 14
- Proxectos desenvolvidos total ou parcialmente no CITI: 8
- Teses doutorais desenvolvidas total ou parcialmente no CITI: 3

Melloras de equipos e servizos

Durante a última etapa do ano 2015 instalouse, como fin do proceso de licitación do novo centro de cálculo do CITI, o seu soporte físico (hardware). Este dotouse dunha serie de equipos (distribuídos por grupos), coa pretensión de dar soporte a diversos grupos de investigación e mesmo a empresas. Deste xeito, o centro de cálculo conta cunha unidade de virtualización, un grupo para o tratamento de grandes arquivos e procesamento en UCP (unidade central de proceso), outro para computación en UGP (unidade gráfica de proceso) e, por último, un orientado a servizos.

Ademais do proceso de instalación, foi necesario levar a cabo tarefas de configuración debido a complexidade das máquinas. Estas tarefas realizáronse durante gran parte do ano 2016. Dende un punto estatístico, hoxe en día atópanse facendo uso dos equipos tres grupos

de investigación: SING, MILE (actualmente fusionado co LIA2) e LIA2. Non obstante, o seu uso limitase polo momento a unidade de virtualización. O resto de equipos deberán de estar en uso antes de finais de 2016.

Por outro lado, leváronse a cabo tarefas de actualización dos servizos aos usuarios/as, dende a nube como o servizo de directorio. Isto desembocou en que o persoal do CACTI (Ourense) se unira a rede de servizos do CITI, e facendo uso de: perfís de usuario/a móbiles e copias de seguridade automatizadas. Ademais, a partir da segunda metade do 2016 estase migrando a rede do CITI de cara a ter autonomía respecto o resto dos centros, creándose una rede única. Con motivo disto, reestruturouse toda a rede interna para dar soporte os servizos existentes e incrementar a seguridade do acceso mediante unha estrutura de devasas intermedias.

Por último, desenvolveuse una aplicación web para a planta piloto, a cal facilitará a xestión da maquinaria, usuarios/as e os tempos de uso, ademais de axudar no proceso de facturación. Esta aplicación atópase pendente de integrarse co sistema de autenticación do centro.

Empresas que traballan no CITI

Na actualidade tres son as firmas que asentaron a súa sede no CITI. A primeira delas é a Empresa Glecex S. L. (do inglés'Global and Ecofriendly Natural EXtracts), quen en abril do 2014 instalouse no módulo 3, planta 1 do edificio, por un período de dous anos; recentemente renovado a outros dous anos máis, ata o 2018.

As outras dúas empresas instaladas no CITI son as empresas gañadoras dos premios Incuvi-Emprende 2015 e Incuvi-Avanza 2016, ambos os dous outorgados pola Universidade de Vigo ás ideas de proxecto innovadoras. Como parte do premio, a Universidade puxo a disposición dos galardoados/as non só un espazo de traballo, no cal levarán a cabo as tarefas do proxecto, senón o apoio e orientación da universidade e dos distintos membros colaboradores para levar a bo porto a idea de proxecto. Neste caso, as empresas gañadoras asentadas no CITI ata o 2017 (módulo 1, planta 1) son iBeeAgro, enfocada na monitoraxe agrícola, e MeigaLabs, enfocada no deseño e desenvolvemento de videoxogos.

Actividades de difusión e divulgación

Dende decembro de 2015 substituíuse o boletín informativo de periodicidade semanal, no que se recollían as novas e convocatorias de interese do persoal docente investigador e do alumnado da UVigo, por una páxina en Facebook. Esta páxina permite non só unha maior distribución dos contidos senón que ofrece unha inmediatez maior ca o sistema anterior (<https://www.facebook.com/CITI-Centro-de-Investigación-Transferencia-e-Innovación-de-la-UVIGO-747762115327734>). Por outra banda, o director do centro asistiu neste período, entre outros, aos seguintes eventos: almozos tecnolóxicos do Tecnópole, Xornada Informática do CESGA, 30 aniversario do polígono de San Cibrao das Viñas, xornada de portas abertas do Campus de Ourense-Campus da Auga e Galicia.

Actividades da Oficina de Proxectos I + D + i

Esta oficina foi creada pola Vicerreitoría de Investigación da Universidade de Vigo e a Vicerreitoría Campus de Ourense, co fin de prestar apoio técnico e administrativo na xestión de proxectos de I + D + i aos investigadores/as do CITI e ao resto do persoal científico do Campus de Ourense.

Ademais, esta unidade presta asesoramento e apoio ao PDI na correcta xestión dos proxectos, independentemente da orixe dos fondos. Tamén colabora na organización das visitas externas que solicitan distintos grupos para coñecer o CITI. A Oficina de Proxectos I+D+i xestiona as contas de Facebook e Twitter.

Actividades desenvolvidas na planta piloto

A planta piloto foi visitada polos alumnos/as do Mestrado de ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental do Campus de Ourense, dentro do Encontro AgroBiotech Innovación» celebrado en novembro do ano 2015 no Tecnópole (Ourense).

O día 17 de xullo de 2016 un grupo de empresarios estadounidenses visitaron as instalacións do CITI dentro do marco comercial organizado pola Deputación de Ourense.

A planta piloto ofrece os seus equipos e servizos e traballa baixo reserva destes. A continuación, móstrase unha táboa onde se reflicten as reservas que tiveron os equipos da planta piloto entre os meses de setembro de 2015 e xullo de 2016:

Equipo	Días ocupados
Reactor axitado a presión	31
Equipo extracción con CO2 supercrítico	21
Altas presións hidrostáticas	9
Ultracentrífuga	6
Disruptor celular	1
Equipo filtración con membranas	1

As empresas que empregaron os servizos da planta piloto foron as seguintes:

- Envirohemp SL: reactor axitado a presión
- Isanatur Spain SL: equipo de filtración con membranas
- JB Ingenieros SL: equipo de extracción con CO2 supercrítico

O total facturado, incluíndo a reserva dos equipos e o alugueiro do laboratorio complementario ao longo deste período, foi de 27 571,24 euros (IVE incluído).



Centro de Investigacións Biomédicas (Cinbio)

O Centro de Investigacións Biomédicas (Cinbio) (<http://www.cinbio.es/>) atópase no Campus As Lagoas, Marcosende da Universidade de Vigo, nun edificio de 6254,37 m², anexo ao CACTI e inclúe o Servizo de Bioexperimentación Animal. A súa construción finalizou en 2015 e o traslado dos grupos iniciouse durante o ano 2016. O Cinbio está dirixido pola doutora África González Fernández.

Infraestructuras

O formulación inicial do Cinbio realizouse para que exista un gran número de espazos centralizados, con laboratorios de uso común (sala de cultivos, sala de cultivos BSL-3 etc.) e outros de uso exclusivo dos grupos de investigación coa dotación de mobiliario adecuada.



320/15	ABERTO	CENTRO TECNOLÓXICO DE TELECOMUNICACIÓNS DE GALICIA - GRADIANT	DESEÑO, DESENVOLVEMENTO E SUPERVISIÓN DUNHA PLATAFORMA DE AMOSACIÓN EN TEMPO REAL DUN ENLACE UNIDIRECCIONAL DUN SISTEMA DE TRANSMISIÓN E RECEPCIONAMENTO MULTIANTENA QUE OPERE EN BANDAS MILIMÉTRICAS CON ANCHO DE BANDA DE, POLO MENOS, 1GHZ E BER INFERIOR A 10-11; INCLUÍNDO TODAS AS FUNCIONALIDADES NECESARIAS (MODULACIÓN, SINCRONIZACIÓN, CODIFICACIÓN/DECODIFICACIÓN DE CANLE, PROCODIFICACIÓN E COMBINACIÓN, ETC	PROXECTO TÁCTICA. CENTRO DE INVESTIGACIÓN AtlantTIC	190.000,00 €	180.500,00 €	9.500,00 €	5,00%
323/15	ABERTO (3 LOTES)	LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO SA	SERVIZO DE LIMPEZA RESPECTUOSO CO MEDIO AMBIENTE E COA SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL NOS CENTROS E INSTALACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO	Lote 6: Campus de Lagoas Marcosende. Ámbito científico		604.954,68 €		
		DESERTO		Lote 7: Campus de Lagoas Marcosende. Ámbito xurídico social	2.590.000,00 €	0,00 €	0,00 €* 0,00 €**	
		VALORIZA FACILITIES, SAU		Lote 8: Campus de Lagoas Marcosende. Servizos xerais e de investigación		865.650,00 €		

324/15	ABERTO (DOUS LOTES)	DESERTO SARABELA, S. L.	SERVIZO DE FORMACIÓN TEATRAL E ORGANIZACIÓN DE MOSTRAS DE TEATRO NOS CAMPUS DA UNIVERSIDADE DE VIGO (DOUS LOTES)	CAMPUS DE PONTEVEDRA CAMPUS DE OURENSE	14.070,00 € 42.241,36 €	14.070,00 € 42.150,00 €	0,00 € 91,36 €		
325/15	ABERTO	LABORATORIO JRI SISTEMAS, SL	SERVIZO DE APOIO TÉCNICO E PROFESIONAL ÁS ENQUISAS DE AVALIACIÓN DOCENTE	UNIVERSIDADE DE VIGO	224.000,00 €	141.120,00 €	82.880,00 €		37,00%
327/15	ABERTO	BRUKER ESPAÑOLA, SA	SERVIZO DE DESINSTALACIÓN, TRASLADO, INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA NO NOVO EDIFICIO DO CACTI DE NOVE EQUIPOS CIENTÍFICOS DE RESONANCIA MAGNÉTICA NUCLEAR, DIFRACCIÓN E FLUORESCENCIA DE RAIOS X, ESPECTROMETRÍA DE MASAS FT, ESI-TOF E MALDI-TOF	CACTI	204.500,00 €	204.500,00 €	0,00 €		0,00%
329/15	NEGOCIADO	LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO SA	SERVIZO DE LIMPEZA RESPECTUOSO CO MEDIO AMBIENTE E COA SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL NO CAMPUS LAGOAS-MARCOSENDE	Lote 7: Campus de Lagoas Marcosende. Ámbito xurídico social	310.000,00 €	299.947,52 €	0,00 € *		0,00% **
330/15	ABERTO	IZASA SCIENTIFIC, SLU	DESINSTALACIÓN, TRASLADO, INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA NO NOVO EDIFICIO DO CACTI DE 3 EQUIPOS CIENTÍFICOS QUE COMPREDEN UN MICROSCOPIO DE CÁTODO FRÍO (FEG) ELECTRÓNICO DE TRANSMISIÓN (JEM 2010), UN MICROSCOPIO DE CÁTODO FRÍO (FEG) ELECTRÓNICO DE BARIDO (207 JSM 6700F) E UN MICROSCOPIO TERMOIÓNICO ELECTRÓNICO DE TRANSMISIÓN DE 100KV (JEM-1010)	CACTI	95.000,00 €	88.551,91 €	6.448,09 €		6,79%
331/15	ABERTO	THERMO FISHER SCIENTIFIC SLU	SERVIZO DE DESINSTALACIÓN, INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA NO NOVO EDIFICIO DO CACTI, DE SEIS EQUIPOS CIENTÍFICOS QUE COMPREDEN ESPECTROSCOPIOS DE FOTOELECTRONES DE RAIOS X, ESPECTRÓMETRO DE RELACIÓNS ISOTÓPICAS ESTABLES IRMS, ESPECTRÓMETRO MULTICILECTOR DE PLASMA ACOPLADO INDUCTIVAMENTE MC-ICP-MS, SECUENCIADOR DE ADN E TERMOCICLADOR EN TIEMPO REAL	CACTI	135.000,00 €	132.500,00 €	2.500,00 €		1,85%
332/15	ABERTO	FEI EUROPE, BV	SERVIZO DE DESINSTALACIÓN, TRASLADO, INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA NO NOVO EDIFICIO DO CACTI DE 4 EQUIPOS CIENTÍFICOS QUE COMPREDEN UN SISTEMA DE HAZ DE IONES FOCALIZADO (FIB HELIOS 600), UN MICROSCOPIO ELECTRÓNICO DE VARRIDO MEDIOAMBIENTAL (QUANTA 200), UN MICROSCOPIO ELECTRÓNICO DE VARRIDO (XL-30) E UN MICROSCOPIO ELECTRÓNICO DE TRANSMISIÓN (CM-20)	CACTI	90.000,00 €	87.580,00 €	2.420,00 €		2,69%
333/15	NEGOCIADO	SISTEMAS DE CONTROL REMOTO, SL	VOOS DE PROBA DUN SISTEMA ADAPTATIVO DE COMUNICACIÓNS POR SATÉLITE EN BANDA S INCORPORADO COMO CARGA DE PAGO NUN RPA (REMOVED PILOTED AIRCRAFT) DE Á FIXA	PROXECTO TÁCTICA. CENTRO DE INVESTIGACIÓN AtlantTIC	50.000,00 €	39.585,00 €	10.415,00 €		20,83%
334/15	NEGOCIADO	CENTRO TECNOLÓXICO DE TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA - GRADIANT	DESENVOLVEMENTO E VALIDACIÓN DUN SISTEMA PORTÁTIL DE MONITORIZACIÓN CARDÍACA DE PACIENTES AMBULATORIOS PARA A POSTA EN VALOR DA ALGORITMIA DE PROCESADO EN TEMPO REAL DA SINAL ELECTROCARDIOGRÁFICA E LIÑAS DE INVESTIGACIÓN EN MATERIA DE PROCESADO DE SINAIS BIOLÓXICAS EN FASE DE DESENVOLVEMENTO POLO CENTRO DE INVESTIGACIÓN ATLANTIC	PROXECTO TÁCTICA. CENTRO DE INVESTIGACIÓN AtlantTIC	58.000,00 €	57.500,00 €	500,00 €		0,86%
335/15	ABERTO	AZBIL TELSTAR TECHNOLOGIES, SLU	SERVIZO DE DESINSTALACIÓN, TRASLADO, INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA NO NOVO EDIFICIO DO CACTI DUN ESPECTRÓMETRO DE MASAS DE IONES SECUNDARIOS POR TEMPO DE VOO (TOF-SIMS), MICROSCOPIO DE VARRIDO DE SONDA (SPM/AFM/STM) PERFILÓMETRO ÓPTICO POR INTERFEROMETRÍA DE LUZ BRANCA E PERFILÓMETRO DE AGULLA 3D DE ALTA RESOLUCIÓN	CACTI	68.500,00 €	66.500,00 €	2.000,00 €		2,92%

* Suma global dos expedientes de limpeza (301/15 8 lotes)

** Baixa total contemplada no primeiro expediente (301/15 8 lotes)

Expedientes de obras adxudicados en 2015

EXPTE.	PROCED.	EMPRESA	OBXECTO	CENTRO	IMPORTE DE LICITACIÓN	IMPORTE DE ADXUDICACIÓN	BAIXA	%
322/15	Aberto	OIKOS ESTUDIO, SLP	Redacción de proxecto básico e de execución e dirección de obra do Edificio do Campus de auga no Campus de Ourense	CAMPUS OURENSE	199.900,00 €	150.000,00 €	49.900 €	23,78%
322/15	Aberto	2º PREMIO: IDOM INGENIERÍA E CONSULTORÍA	Redacción de proxecto básico e de execución e dirección de obra do Edificio do Campus de auga no Campus de Ourense	CAMPUS OURENSE	5.000,00 €	5.000,00 €	0 €	0%
322/15	Aberto	3º PREMIO: JOVINO MARTÍNEZ SIERRA	Redacción de proxecto básico e de execución e dirección de obra do Edificio do Campus de auga no Campus de Ourense	CAMPUS OURENSE	2.000,00 €	2.000,00€	0 €	0%
400/15	Negociado	AIRVENTO, SL	Laboratorio especial de biocontención para experimentación en cultivos celulares no Edificio novo CACTI	NOVO CACTI	191.133,00 €	169.958,30 €	21.174,70 €	11,07%
401/15	Negociado	CONSULTING DE INGENIERÍA E INSTALACIÓN, SL	Instalación de ventilación en aulas de pintura planta baixa e segunda da Facultade de Belas Artes	BELAS ARTES	115.216,69 €	91.969,00 €	23.247,69 €	20,18%
402/15	Negociado	SOGEMÁN, SL	Modificación e reformas nas instalacións actuais para adaptación de espazos no Edificio novo CACTI	NOVO CACTI	100.000,00 €	73.710,00 €	26.290,00 €	26,90%
404/15	Negociado	COPCISA, SA	Mellora na instalación eléctrica de baixa tensión no Edificio novo CACTI	NOVO CACTI	194.168,86 €	151.898,30 €	42.270,56 €	21,78%

Expedientes de subministracións adxudicados no exercicio 2015

EXPTE.	PROCED.	EMPRESA	OBXECTO	CENTRO	IMPORTE DE LICITACIÓN	IMPORTE DE ADXUDICACIÓN	BAIXA	%
2/15	Negociado exclusividade	BONSAI ADVANCED TECHNOLOGIES, SL	ANALIZADOR DE TAMAÑO DE GRANO	Torre CITEXVI	63.998,00 €	63.998,00 €	0,00 €	0,00%
3/15	Negociado	SOLFRANC TECNOLOGÍAS, SL	DOUS SISTEMA DE OPTIMIZACIÓN DE CULTIVOS	Facultade Bioloxía	28.780,00 €	22.985,00 €	5.795,00 €	20,14%
5/15	Aberto	IZASA SCIENTIFIC, SL SOC.UNIP.	SISTEMA DE MICROANÁLISIS ED PARA MICROSC.ELECT.	CACTI	72.449,00 €	69.500,00 €	2.949,00 €	4,07%
7/15	Aberto	BRUKER ESPAÑOLA, SA	DIFRÁCTROMETRO DE RAIOS X DE CRISTAL	CACTI	269.620,00 €	244.999,00 €	24.621,00 €	9,13%
8/15	Aberto	SISTEMAS INFORMÁTICOS EUROPEOS, SL	CONXUNTO EQUIP.INFORMATICOS PARA MONTAR SERVIDOR	CITI OURENSE	278.239,20 €	228.957,00 €	49.282,20 €	17,71%
9/15. LOTE 1	Aberto	CELTA INGENIEROS, SL	EQUIPAMENTO BIOMEDICINA PARA CINBIO	CINBIO	398.095,00 €	330.500,00 €	67.595,00 €	16,98%
9/15. LOTE 2	Aberto	SOCIVI TÉCNICO, SL	EQUIPAMENTO BIOMEDICINA PARA CINBIO	CINBIO	50.000,00 €	43.684,24 €	6.315,76 €	12,63%
9/15. LOTE 3	Aberto	COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, SL	EQUIPAMENTO BIOMEDICINA PARA CINBIO	CINBIO	72.900,00 €	69.050,88 €	3.849,12 €	5,28%
9/15. LOTE 4	Aberto	IZASA SCIENTIFIC, SL SOC.UNIP.	EQUIPAMENTO BIOMEDICINA PARA CINBIO	CINBIO	95.865,00 €	83.920,00 €	11.945,00 €	12,46%
9/15. LOTE 5	Aberto	CALSERVICE-HERATEC, SL	EQUIPAMENTO BIOMEDICINA PARA CINBIO	CINBIO	110.000,00 €	79.000,00 €	31.000,00 €	28,18%
10/15	Aberto	SCIENTEC IBÉRICA, SL	PERFILOMETRO 3D ÓPTICO CON VARIACIÓN DE FOCO	CACTI	69.035,00 €	68.800,00 €	235,00 €	0,34%
11/15	Aberto	KEYSIGHT TECHNOLOGIES SPAIN, SLU.	CABEZAS MILIMÉTRICAS WR1.5 (500 - 750 GHZ)...	TELECO	264.913,50 €	264.658,19 €	255,31 €	0,10%
12/15	Negociado	OPCON INFORMÁTICA, SL	PLATAFORMA PARA INVESTIGACIÓN EN SDN	TELECO	50.000,00 €	49.590,00 €	410,00 €	0,82%

13/15	Aberto	IRIDA IBÉRICA, SL	PLATAFORMA DE ESECTROESCOPIAEN EL DOMINIO DE FRECUENCIA ...	TELECO	91.450,00 €	91.450,00 €	0,00 €	0,00%
14/15 LOTE 1	Aberto	MERCURI TECH SL	SERVIDOR CALCULO E 3 SERVIDORES EN RACK	TELECO	52.151,00 €	40.095,37 €	12.055,63 €	23,12%
14/15 LOTE 2	Aberto	EDNON, SL	SERVIDOR CALCULO E 3 SERVIDORES EN RACK	TELECO	14.070,00 €	13.125,00 €	945,00 €	6,72%
16/15	Aberto	NATIONAL INSTRUMENTS SPAIN, SL	PLATAFORMA PARA PROTOTIPADO DE SISTEMAS MIMO EN BANDA MULTIMEDIA	TELECO	100.000,00 €	99.980,58 €	19,42 €	0,02%
17/15	Aberto	KEYSIGHT TECHNOLOGIES SPAIN, SLU.	ANALIZADOR VECTORIAL NO LINEAL DE REDES DE POTENCIA	TELECO	260.895,80 €	258.521,83 €	2.373,97 €	0,91%
18/15	Negociado	WALTER BAI + AG	EQUIPO SERVO-HIDRÁULICO DE ENSAYOS DINÁMICOS	INDUSTRIAIS	45.455,00 €	45.455,00 €	0,00 €	0,00%
19/15	Aberto	ELECTRÓNICA DEL NOROESTE SERVICIOS GENERALES, SL	EQUIPAMENTO SAI NOVO EDIFICIO CACTI	CACTI	200.000,00 €	167.795,00 €	32.205,00 €	16,10%
20/15	Negociado	MICROFLOWN TECHNOLOGIES, B.V.	SISTEMA DE MEDIDA DE ABSORCION IN SITU E SONDA P+U 3D+Frotend	TELECO	43.800,00 €	43.800,00 €	0,00 €	0,00%
22/15	Aberto	AB SCIEX, SL	CROMÁTOGRAFO LÍQUIDO DE ALTA EFICACIA	CACTI	125.822,00 €	123.000,00 €	2.822,00 €	2,24%
23/15	Aberto	CORE NETWORK DYNAMICS GMBH	SOFTWARE PARA BANCO DE PRUEBAS SOBRE EPC	TELECO	46.000,00 €	46.000,00 €	0,00 €	0,00%
24/15	Negociado exclusividade	THE MATHWORKS, SL	ADQUISICIÓN DE LICENCIAS CAMPUS (TOTAL ACADEMIC HEADCOUNT)	GERENCIA	24.286,16 €	24.286,18 €	-0,02 €	0,00%
25C/15	Central subministracións	HIGH IDENTITY BUILDINGS, SL	EQUIPAMENTO MOBILIARIO LABORATORIO CACTI	CACTI	632.090,42 €	520.402,53 €	111.687,89 €	17,67%
27/15	Negociado exclusividade	ANSYS IBERIA, SL	AMPLIACIÓN LICENCIA ANSYS	GERENCIA	33.120,80 €	33.120,80 €	0,00 €	0,00%

Expedientes privados adxudicados no 2015

EXPTE.	PROCED.	EMPRESA	OBXECTO	CENTRO	IMPORTE DE LICITACIÓN / GASTO MÁXIMO AUTORIZADO
P1/15	Privados	MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, SA	PÓLIZA DE SEGUROS PARA O PROXECTO EUROPEO ERASMUS GREEN TECH WB DA UNIVERSIDADE DE VIGO	UNIVERSIDAD DE VIGO	45 €/MES/ASEGURADO



Servizo de Xestión Asesoría Xurídica

A Asesoría Xurídica presenta a súa memoria de actividades correspondente ao período comprendido entre agosto de 2015 e xullo de 2016, ambos os dous meses incluídos. O total de expedientes deste período é de 374 (64 menos que no curso anterior), pero o volume de traballo mantense debido ao longo período de tramitación dos expedientes xudiciais, á continuación de recursos iniciados en anos anteriores e que seguen a súa tramitación, e á complexidade de cada vez máis casos.

En primeiro lugar clasificamos cuantitativamente do traballo desenvolvido neste servizo: o primeiro cadro recolle a totalidade dos expedientes abertos durante o período comprendido entre o 1 de agosto de 2015 e o 31 de xullo de 2016, e os cadros seguintes ofrecen un desagregación mensual.

Total do curso académico 2015/16

<hr/>	
Expedientes: 374	
Convenios	169
Informes	116
<hr/>	
Acordos da comisión de reclamacións	
Recursos por vía administrativa	16
Recursos xudiciais laborais	15
Recursos contencioso-administrativo	15
Outros	43
<hr/>	

Desagregamento mensual

Agosto de 2015

<hr/>	
Expedientes: 9	
Convenios	4
Informes	4
<hr/>	
Acordos da comisión de reclamacións	
Recursos por vía administrativa	1
Recursos xudiciais laborais	
Recursos contencioso-administrativo	
Outros	
<hr/>	

Setembro de 2015

Expedientes: 40	
Convenios	10
Informes	9
Acordos da comisión de reclamacións	
Recursos por vía administrativa	1
Recursos xudiciais laborais	2
Recursos contencioso-administrativos	1
Outros	17

Outubro de 2015

Expedientes: 31	
Convenios	10
Informes	10
Acordos da comisión de reclamacións	
Recursos por vía administrativa	2
Recursos xudiciais laborais	3
Recursos contencioso-administrativo	3
Outros	3

Novembro de 2015

Expedientes: 26	
Convenios	9
Informes	8
Acordos da comisión de reclamacións	
Recursos por vía administrativa	2
Recursos xudiciais laborais	4
Recursos contencioso-administrativo	2
Outros	1

Decembro de 2015

Expedientes: 24	
Convenios	10
Informes	10
Acordos da comisión de reclamacións	
Recursos por vía administrativa	1
Recursos xudiciais laborais	
Recursos contencioso-administrativo	2
Outros	1

Xaneiro de 2016

Expedientes: 22	
Convenios	8
Informes	4
Acordos da comisión de reclamacións	
Recursos por vía administrativa	2
Recursos xudiciais laborais	1
Recursos contencioso-administrativo	1
Outros	6

Febreiro de 2016

Expedientes: 38	
Convenios	16
Informes	12
Acordos da comisión de reclamacións	
Recursos por vía administrativa	2
Recursos xudiciais laborais	2
Recursos contencioso-administrativo	2
Outros	4

Marzo de 2016

Expedientes: 33	
Convenios	21
Informes	8
Acordos da comisión de reclamacións	
Recursos por vía administrativa	2
Recursos xudiciais laborais	
Recursos contencioso-administrativo	1
Outros	1

Abril de 2016

Expedientes: 47	
Convenios	33
Informes	7
Acordos da comisión de reclamacións	
Recursos por vía administrativa	1
Recursos xudiciais laborais	1
Recursos contencioso-administrativo	1
Outros	4

Maio de 2016

Expedientes: 33	
Convenios	12
Informes	19
Acordos da comisión de reclamacións	
Recursos por vía administrativa	
Recursos xudiciais laborais	
Recursos contencioso-administrativo	
Outros	2

Xuño de 2016

Expedientes: 33	
Convenios	17
Informes	11
Acordos da comisión de reclamacións	
Recursos por vía administrativa	
Recursos xudiciais laborais	1
Recursos contencioso-administrativo	1
Outros	3

Xullo de 2016

Expedientes: 38	
Convenios	19
Informes	14
Acordos da comisión de reclamacións	
Recursos por vía administrativa	2
Recursos xudiciais laborais	1
Recursos contencioso-administrativo	1
Outros	1

Respecto da actividade xudicial indicaremos que, dun total de 46 sentencias, 15 foron totalmente favorables a esta universidade, e 31 estiman os intereses da parte contraria (que corresponden en gran parte ás reclamacións do profesorado asociado sobre trienios e vacacións).

Toda esta actividade vese incrementada con outros asuntos, como son a asistencia ás mesas de contratación, as consultas presenciais e telefónicas, as reunións de traballo, a lectura e posta ao día da lexislación, o intercambio de documentación con outras universidades, e a recompilación, clasificación e arquivo das sentencias.

Ademais, a xefa da Asesoría Xurídica, xunto coa letrada Cristina Piñón, asistiron en 2015 ás Xornadas de Xerencia Universitaria» que tiveron lugar na Coruña, e en 2016 ao Curso do novo réxime xurídico das universidades e ao XII Seminario sobre aspectos xurídicos da xestión universitaria, que tiveron lugar en Salamanca e Barcelona, respectivamente.



7

Área de Benestar, Saúde e Deportes

Rutas culturais

Ao longo de todo o curso a Área de Benestar, Saúde e Deporte organizou dende o Campus de Ourense once rutas de sendeirismo con diversos niveis de dificultade. Estas rutas van dirixidas a todas as persoas interesadas tanto no exercicio físico en si como no coñecemento do noso patrimonio natural e arqueolóxico e, en moitos dos casos, finalizaron con actividades de tipo cultural, lúdico ou gastronómico como o magosto.

Estes percorridos deseñados para a comunidade universitaria ampliáanse tamén ao público en xeral no caso de non se cubriren a totalidade das prazas. Ademais, facilítase o transporte en autobús dende os campus de orixe ata os lugares de saída e regreso.

A participación total rexistrada foi de 771 inscricións, das cales 450 foron mulleres e 321 homes. As rutas con máis éxito resultaron ser a das Fragas do Eume (122 participantes) e a das Médulas (110 participantes).

Dinamización das salas cardio-fitness

Durante os últimos anos a Área de Benestar, Saúde e Deporte puxo especial interese na dinamización das salas cardio-fitness dos seus tres campus a través da incorpora-

ción dun amplo abano de actividades dirixidas de definición (fitness), de balde para as persoas usuarias desta instalación. Estas actividades veñen complementando o xa tradicional programa de adestramento persoal «Ponte en forma».

A liberdade de horarios e a variedade foron as claves do éxito de participación destas actividades, entre as que destacaron Ponte en movemento no Campus de Pontevedra, power dumbbell, boot camp, ciclo indoor e aerójumpp no Campus de Ourense ou as actividades de abdominais express ou cross training no Campus de Vigo.

Competicións internas

Na fase regular das ligas universitarias, desenvoltas entre outubro e marzo, tomaron parte no conxunto dos tres campus 2157 persoas agrupadas en 220 equipos, das cales 170 foron mulleres e 1987 homes.

Destacou particularmente este curso a alta participación na Copa Fair Play, competición que segue no calendario á anterior e na que tomaron parte 1496 alumnos e alumnas ao longo do mes de abril, das cales 79 foron mulleres e 1507 homes.

Nas disciplinas de pádel, squash, tenis e tenis de mesa tamén se organizaron campionatos universitarios internos, cun resultado de participación de 143 persoas, 92 homes e 51 mulleres.

Competicións interuniversitarias

Un total de 45 deportistas (11 mulleres e 34 homes) representaron á Universidade de Vigo nos campionatos de España universitarios, que acadaron un total de 21 medallas individuais. Na clasificación final por equipos, a Universidade de Vigo logrou o primeiro posto en taekwondo, co que continúa a súa xeira de podios estatais universitarios de xeito ininterrompido dende o ano 2002, e o segundo en loitas olímpicas.

Os e as deportistas que acadaron medalla nesta edición dos campionatos de España universitarios foron:

Taekwondo

- Laura Lorenzo Amoedo
- Marta Colón Cortegoso
- David González Rodríguez
- Beatriz Parada Enríquez
- Marcos Silva Ángel
- Ángel Parada Martínez
- Alba Caamaño Pérez
- Pablo Fernández Eiras
- Raúl Cancelas Fandiño
- Iván García Martínez

Natación

- Marc Ciurana Roca
- Laura Pimentel Pérez

Atletismo

- José A. Palomanes Martínez
- Sergio Paredes Padín
- Miguel A. Cajaraville Mosquera

Esgrima

- Judith María Rodríguez Menéndez
- Pedro Otero López

Loita

- Eliseo Permuy Soto
- Noelia Lalín Canda
- Pablo García García
- Pablo Senra Gómez

Participación en proxectos europeos

A Universidade de Vigo tivo a oportunidade de formar parte dun dos tres proxectos seleccionados pola Comisión Europea dentro da convocatoria Erasmus+: Sport 2015 - Not-for-profit European Sport Events.

O proxecto, liderado pola Universidade francesa Franche-Comté, desenvolveuse en Besançon durante a última semana de abril. O evento, denominado EMIS (Equality Mixity and Integration by Sports), estivo encamiñado a destacar o papel do deporte como elemento de integración social e contou coa participación de doce universidades de outros tantos países europeos. Formaron parte da delegación da Universidade de Vigo dezoito estudantes do Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, unha profesora dese mesmo grao e dous técnicos da Área de Benestar, Saúde e Deporte.

Xa na convocatoria Erasmus+: Sport 2016-Collaborative partnerships (EU Guidelines) a Universidade de Vigo, a través da súa Área de Benestar, Saúde e Deporte, integrouse nunha candidatura liderada pola universidade alemá de Aachen e composta por dezasete universidades de sete países.

Éxitos do deporte federado no Campus de Ourense

No que se refire á participación da Universidade de Vigo en competicións de ámbito federado destaca o ascenso do Campus Universitario Ourense Coosur á división de prata do rugby estatal en categoría masculina, despois de dominar a Liga galega e de acadar o primeiro posto da fase de ascenso á división de honra B. Este feito supón un fito na traxectoria do club, xa que é a primeira vez que ascende a esta categoría.

Tamén hai que salientar os excelentes resultados do Universitario Campus Ourense de baloncesto feminino, que se proclamou por terceiro ano consecutivo campión da primeira división autonómica, e gañou ademais a Copa Xunta de Galicia e a fase de ascenso a primeira nacional, a terceira categoría estatal de baloncesto feminino sénior.

Acordos de colaboración: centros deportivos abertos

Un dos obxectivos principais da Área é a procura de acordos con centros deportivos das provincias de Ourense

e Pontevedra que faciliten a inmersión no mundo do deporte e o estímulo para levar unha práctica deportiva moderada e regular.

Os acordos de colaboración con outros centros deportivos achegan un aumento das opcións entre as cales as persoas usuarias poden escoller en función das súas necesidades, con diferentes horarios, actividades, localizacións e prezos. As persoas interesadas tiveron a opción de escoller entre determinados centros de fitness, tanto públicos como privados, que contan con diversas actividades e o asesoramento de monitores/as. Desta maneira o exercicio pódese adaptar ás condicións físicas de cada usuario/a facilitando que adquira o hábito da práctica deportiva.

No curso 2015/2016 contamos con cinco centros colaboradores no Campus de Ourense, catro en Pontevedra e oito en Vigo, que lles deron a oportunidade de practicar actividade física de xeito regular a 900 persoas, das cales 500 foron mulleres e 400 homes.

Décima edición da HappyGoRunning no Campus de Vigo

Hassan Lekhili e Ester Navarrete proclamáronse gañadores desta proba deportiva que o domingo 24 de abril celebrou xa a súa décima edición. Case 700 deportistas (27,5 % mulleres e 72,5 % homes) tomaron parte nun evento que continuou ofrecendo tres modalidades de participación: unha carreira de 10 quilómetros, unha proba de iniciación de 6,6 km e unha andaina de 10 km de lonxitude pola contorna do campus universitario na que tomaron parte 70 persoas (68 % mulleres e 32 % homes).

A carreira principal formou parte un ano máis do grupo de carreiras que integran o Circuito de Carreiras Populares de Vigo e nesta décima edición converteuse ademais na I Carreira Interuniversitaria Galaico-Duriense contra a Droga. En colaboración coa Fundación Galega contra o Narcotráfico e a Asociación Alborada o evento tivo un carácter solidario e permitiu recadar fondos para o proxecto Verdear, unha horta ecolóxica situada en Peinador.

Na clasificación universitaria galaico-duriense o primeiro posto correspondeu ao Campus de Vigo, seguido por Porto e Lugo.

XIII Maratón de Zumba Solidaria no Campus de Pontevedra

O xoves 17 de decembro de 2015 celebrouse a décimo terceira edición da Maratón de Zumba Solidaria no pavillón universitario do campus pontevedrés. Participaron no evento preto de 200 persoas que achegaron 400 quilos de alimentos, os cales foron entregados ao comedor social dos Pais Franciscanos.

III Torneo Internacional de Xadrez Campus de Ourense

O evento desenvolveuse entre o 4 e o 10 de xullo no pavillón de deportes universitario e contou coa participación de 13 mestres e grandes mestres e case un centenar de participantes.

Finalmente, o gañador desta edición foi o xogador de orixe cubana Arian González; seguirono o tamén gran mestre Fide Alejandro Hoffman (Arxentina) e Salvador del Río, gran mestre Fide español.

Lino Hermida, presidente do Club Xadrez Ourense Universitario, foi o director do torneo, disputado polo sistema suízo a nove roldas.

XXIV Gala do Deporte Universitario


O Auditorio Centro Social Afundación de Vigo acolleu a celebración da XXIV Gala do Deporte da Universidade de Vigo, que tivo lugar o 19 de novembro do 2015, e que contou coa asistencia de 300 persoas.

No apartado dedicado ao deporte federado, os premios colectivos foron para a sección de xadrez do Club Deportivo Universidade de Vigo e aos clubs de balonmán da provincia de Pontevedra, mentres que os galardóns individuais outorgáronse ao xadrecista Rubén Fernández López e ao adestrador do Vigo Rugby Club, Norman Maxwell.

Tamén foron galardoados Patricio Sánchez Bello, mención especial ao persoal propio, e Miguel Romero Azpitarte, mención especial á persoa egresada. Concedeuse ademais unha mención especial ao fomento do deporte base ao club de ximnasia acrobática Flic Flac e unha mención especial ao deportista universitario do ano para Borja Fernández Fernández.

Acto seguido, a relación de persoas premiadas da comunidade universitaria completouse cos VI Premios á Excelencia Deportiva, que se lle concederon a Ingrid Gómez Schroth, Marta Canella Rodríguez, Judith María Rodríguez Menéndez, Pablo García García, Manuel Jesús Rodríguez Fernández e Diego Paz Sobreira, para o que se tivo en conta tanto os seus resultados deportivos como os seus expedientes académicos.

Mais os premios non quedaron limitados á comunidade universitaria, tamén houbo lugar para recoñecer co IV Premio Valor Solidario á Carreira Vigo contra o Cancro por empregar o deporte como ferramenta de inclusión social, e tamén para render homenaxe á extensa implicación coa práctica da actividade física a Eduardo Vieira Montenegro, galardoado co IV Premio Vida.



Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI)

A misión da Oficina de I+D é a de promover as capacidades de investigación da Universidade, facilitando a conexión universidade-empresa-sociedade, e poñendo en valor os resultados da I+D.

Actividades de transferencia	Total
Contratos de I + D e transferencia	
Contratos art. 83 da LOU asesorados e executados	75
Contratos art. 83 solicitados no marco de convocatorias públicas	190
Contratos de licenza	8
Acordos de confidencialidade	9
Acordos de transferencia de material	2
Patentes solicitadas	
Nacionais	19
Internacionais	6
Rexistros da propiedade intelectual	3
<i>Spin-off</i>	
Titorizadas	2
Creadas	3

Capacidades de I + D da Universidade de Vigo

Máis de 200 grupos están censados nas nosas bases de datos, que poñen a disposición da contorna socioeconómica todo o potencial científico, tecnolóxico, humanístico e social da nosa universidade, accesible tanto en inglés, coma en castelán e en galego. Ademais da oferta conxunta realízase a clasificación das capacidades por sectores, dispoñendo dos seguintes catálogos:

- Biotecnoloxía
- Acuicultura
- Ciencias humanas e sociais
- Construción
- Enerxías renovables e medio ambiente
- Recursos mariños
- Sector Agroalimentario
- Sector naval
- Tecnoloxías da información e comunicacións

http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/investigacion/transferencia/oferta/publicacions/index.html


Resultados de I+D (patentes e outros)

A Universidade de Vigo ten a disposición das organizacións interesadas unha carteira de resultados de investigación con potencial de mercado, conformada por máis de 184 patentes e outras tecnoloxías dispoñibles para o seu licenciamiento. No escaparate tecnolóxico pódese acceder a máis de 39 fichas comerciais de patentes. Grazas ao fondo de valorización dotado pola universidade, pódese estudar o potencial e a viabilidade destes resultados, así como manter e estender súa protección no ámbito europeo ou internacional.

Algunhas das nosas tecnoloxías son ofertadas no portal tecnolóxico Innoget para a comercialización de patentes. Na actualidade ofértanse 18 produtos para diferentes sectores socioeconómicos (otrivigo.innoget.com): TIC, enerxías, física, bioloxía, agricultura, agroindustria e recursos mariños, medio ambiente, materiais, fabricación...

Neste curso 2015/2016, tramitáronse 19 solicitudes de patentes nacionais e seis patentes europeas e internacionais.

Evolución de solicitudes de patentes Universidade de Vigo (2005-2016)




Explotación de resultados

Contratos de Licenza

Durante o curso 2015/2016, asináronse oito contratos de licenza, baseados en patentes, soporte lóxico (software) e know-how. Nestes acordos estipúlase, habitualmente, un retorno para a Universidade en función do volume de vendas que a empresa licenciataria xere pola comercialización do produto.

Contratos de Licenzas (2005-2016)



Creación de empresas de base tecnolóxica

No curso 2015/2016 continuouse co labor de anos anteriores de potenciar, promover e asesorar aos investigadores para a creación de empresas baseadas nos resultados de investigación. A posta en valor do coñecemento universitario a través das spin-off que ademais promovan emprego de alta cualificación é unha das prioridades da nosa universidade.


Neste ano titorizáronse dúas iniciativas máis promovidas polo noso persoal investigador. O apoio da OTRI vai desde a elaboración do plan de negocio (orientado a comprobar

a viabilidade técnica, económica e comercial da iniciativa), ata axuda na constitución, acceso a aceleradoras de empresa, e apoio na presentación das iniciativas en premios e roldas de investidores...

No presente curso puxéronse en marcha tres empresas coas que se acadou o correspondente acordo de transferencia:

- Enerjio Research
- Coderiam
- Releyeble

Evolución de proxectos titorizados e empresas creadas na Universidade de Vigo (2004-2016)



Así mesmo renóvase a convocatoria pública de subvencións ás EBT para a localización nos espazos dispoñibles da Universidade de Vigo en CITEXVI para incubación. Estas axudas dan apoio as spin-off asumindo os arrendamentos dos devanditos locais cunha subvención do 50 % por parte da Universidade.

Asesoramento e apoio en actividades de transferencia

a) Contratos de I + D

Neste curso asesoráronse un total de 265 contratos e convenios distribuídos da seguinte maneira:

- Contratos fora de convocatoria: 45, por un importe de 1 242 369,33 €
- Contratos no marco de convocatorias resoltos:
 - o Innterconecta: 24, por un importe de 1 052 095,62 €
 - o Outras convocatorias: 6, por un importe de 214 250 €
- Contratos no marco de convocatorias pendentes de resolución:
 - o Innterconecta: 25 solicitudes por un importe de 1 401 097,38 €
 - o Conecta-peme: 123 solicitudes por un importe de 4 672 358,42 €

o Outras convocatorias: 42 solicitudes, por un importe de 2 742 216,21 €

b) Demanda de servizos de I + D e asesoramento empresarial

Atendéronse consultas de empresas e outras entidades que solicitaron información sobre diversas temáticas e sobre o establecemento de posibles colaboracións con equipos de investigación desta universidade en traballos de I+D+i. Recibíronse un total de 33 solicitudes de expertos da Universidade de Vigo para participar en servizos ou proxectos de I + D.

c) Asesoramento a grupos

Dentro das actividades de OTRI, neste curso académico ofreceuse asesoramento individualizado a grupos de investigación da Universidade de Vigo, na elaboración e posta en marcha de plans de explotación e transferencia, así coma outros aspectos de xestión de proxectos que se requiren en diversas convocatorias de I + D tanto no ámbito autonómico como nacional.

Proxectos e actuacións

A OTRI procede habitualmente á solicitude e execución de proxectos, e á posta en marcha de iniciativas e actuacións de innovación e transferencia. Así mesmo colabora coa universidade na elaboración de proxectos institucionais neste ámbito. Durante este curso leváronse a cabo varias iniciativas

A oficina colaborou coa Cidade Tecnolóxica de Vigo (Citexvi) para o estudo e posta en valor da carteira de patentes da Universidade, identificando as que contan con un maior potencial comercial, de cara a súa posterior promoción.

Organización de cursos para PDI relacionados cos ámbitos de valorización e transferencia:

- Curso A protección dos resultados da investigación, 30 novembro e 1 decembro de 2015.
- Desenvolvemento de negocio para a comercialización de capacidades e resultados de investigación, 10 e 12 maio 2016.

Participación como xurado no certame 3DS VigoMar, organizado polo Campus do Mar. Illa de San Simón, 8 de novembro de 2015.

Participación en Biospain 2016. A Universidade de Vigo participou cun posto compartido. Bilbao, 28-30 de setembro de 2016. Actualizouse a oferta de capacidades de I + D no ámbito da biotecnoloxía (24 grupos) e presentáronse 18 fichas comerciais de resultados de investigación no sector, e concertáronse 16 encontros con empresas.

Realización de informes para iniciativas empresariais de VíaGalicia 2016. Apoio ao Comité técnico na valoración previa de innovación e mercado de proxectos.

Foro Transfiere 2016. A Universidade de Vigo estivo presente en Málaga, 10-11 de febreiro de 2016. Promovéronse 30 tecnoloxías a través da plataforma e concertáronse 10 encontros.

Participación na I Xornada de Transferencia de I + D + I nas universidades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2016.

Continuación do proxecto do Proxecto de persoal técnico de apoio do Ministerio para a promoción de empresas baseadas no coñecemento.

Participación no proxecto do Campus do Mar coa Universidade de Cabo Verde. Delegación a Cabo Verde para impartir conferencias sobre transferencia e organizar un foro universidade-empresa.

Solicitudes de varias propostas de Cooperación Transnacional e Interrexional con distintas universidades e o Campus do Mar, no ámbito da transferencia do coñecemento.

Acollida de delegacións estranxeira:

- Dúas delegacións portuguesas: Universidade e Instituto Politécnico do Porto. Programa Jacobus
- Tres delegacións marroquís. Proxecto Tempus MonProg
- Delegación Aix Marseille Université. Proxecto Monprog
- Delegación de Cabo Verde
- Delegación de Universidade de Zenica (Bosnia-Herzegovina)
- Delegación de Ucraína, Azerbaijan, Kirguistán...
- Delegación da Universidade de Messina



Oficina de Relacións Internacionais (ORI)

1 A mobilidade de estudantes, PDI e PAS da Universidade de Vigo

1.1 Estudantes

Durante o curso 2015/2016 un total 677 estudantes da Universidade de Vigo participaron en programas de mobilidade internacional, de estudos ou prácticas: 304 homes e 373 mulleres.

O programa Erasmus

Un total de 485 estudantes, 221 homes e 264 mulleres, da Universidade de Vigo cursaron parte da súa formación noutros centros de educación superior en Europa co programa Erasmus+. Destes, 298 estudantes procedían do campus de Vigo, 97 de Ourense e 90 de Pontevedra.

Mantéñense as preferencias por Italia, Polonia, Alemaña e Portugal.

O Programa de bolsas propias da Universidade de Vigo

O Programa de bolsas propias da Universidade de Vigo

Un total de 55 estudantes, 35 mulleres e 20 homes, gozaron dunha bolsa propia da Universidade de Vigo en países extracomunitarios: 11 do Campus de Ourense, 18

do Campus de Pontevedra e 26 do Campus de Vigo. Brasil con 17 estadias, Chile con 10 e Arxentina con 7 destacan como países preferentes, seguidos de México e Canadá.

O programa ISEP

No marco do programa ISEP, 11 estudantes, 7 homes e 4 mulleres, cursaron estudos en universidades norteamericanas: nove do Campus de Vigo e 2 do Campus de Pontevedra.

O programa de bolsas Iberoamérica estudantes de Grao

Gozaron de bolsas no marco desta convocatoria 25 estudantes, 9 homes e 16 mulleres: 6 do campus de Ourense, 10 do Campus de Pontevedra e 9 do Campus de Vigo.

O programa GE4

Dous estudantes, un do campus de Vigo e outro do campus de Ourense, 1 home e 1 muller, gozaron de bolsas no marco desta convocatoria.

Mobilidade de curta duración no marco de proxectos Erasmus + KA2: LSTI e ILPA

No marco do proxecto LSTI realizaron mobilidade de 15 días de duración: 5 estudantes do campus de Vigo, 5

mulleres da Facultade de Filoloxía e Tradución. No marco do proxecto ILPA realización dunha estadía de 5 días de duración 6 estudantes da FCCEE: 3 mulleres e 3 homes.

O programa de prácticas Erasmus

En 2015/2016, un total de 65 estudantes (38 mulleres e 27 homes), participaron no programa Erasmus prácticas. O alumnado realizou prácticas nos seguintes países: Alemaña, Dinamarca, Romanía, Finlandia, Francia, Irlanda, Grecia, Suecia, Italia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, e República Checa. Destacan como destinos preferidos: Reino Unido con 14 mobilidades, Portugal con 10, Alemaña con 8, Irlanda con 6, Polonia e Países Baixos con 5 e Italia con 4. O centro con máis alumnado participante foi a ETSE Industriais con 13 participantes, seguida da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación con 8, a Facultade de Filoloxía e Tradución con 7, a Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas e a Facultade de Bioloxía con 6 mobilidades cada unha, a Facultade de Belas Artes e a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo con 5 cada unha, a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte con 4, a Facultade de Ciencias da Educación e a Facultade de Ciencias do Mar con 3 cada unha e a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e a Facultade de Historia con 2 e a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais con 1 mobilidade. A duración media das estadías foi de 3,5 meses.

As prácticas internacionais extracurriculares

A ORI tramitou a documentación dun total de 5 alumnos (catro mulleres e un home).

Tramitáronse convenios de prácticas internacionais extracurriculares coas seguintes empresas/institucións: Tabacón Grand Spa Thermal Resort (Costa Rica), Cámara Municipio de Boticas (Portugal), Power Research & Testing Company ENERGOPOMIAR Sp. zo.o. (Polonia), Shamengo (Francia), En Español. LTD (Irlanda), Eurostars Budapest Center (Hungría), Inra Bordeaux-Aquitaine, (Francia). A ORI prestou asesoramento e apoio aos centros interesados en ofertar prácticas internacionais curriculares ao seu alumnado.

O programa de libre mobilidade

Realizaron unha estadía por medio deste programa nunha universidade estranxeira 16 estudantes: 4 mulleres e 12

homes, 6 do Campus de Pontevedra e 10 de Vigo.

Outros programas

No marco do proxecto financiado pola Unión Europea EMundus GreenIT for the Benefit of Civil Society a Universidade de Vigo enviou un estudante de grao a Marrocos (1 home) e no marco do programa EMundus GreenTech WB enviou dous estudantes (2 homes), un de grao e outro de mestrado ambos os dous a Bosnia-Herzegovina.

PDI:

94 profesores/as realizaron estadías no estranxeiro en programas de intercambio 58 mulleres e 36 homes: co programa Erasmus, 92 docentes, 58 mulleres e 34 homes, desprazáronse a universidades europeas para impartir docencia, 12 do Campus de Ourense, 18 de Pontevedra e 62 do Campus de Vigo. Portugal, Italia, Francia, Alemaña foron os destinos preferentes; no marco do proxecto financiado pola Unión Europea EMundus Green IT enviouse 1 PDI home da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais a Marrocos e co programa EMundus Green TECH WB 1 PDI home da Escola Universitaria de Estudos Empresariais a Bosnia-Herzegovina

PAS:

catro membros do PAS realizaron estadías de mobilidade: tres co programa Erasmus+, unha muller e dous homes: 1 en Reino Unido, 1 en Italia e 1 en Grecia e un PAS en mobilidade en Erasmus Mundus Euroinkanet 1 muller con destino en Perú

2 A captación e a recepción de estudantes e persoal estranxeiro

Estudantes estranxeiros

A ORI potenciou a recepción de estudantes de todas as nacionalidades, xestionando a mobilidade de 660 estudantes estranxeiros (422 mulleres e 238 homes): 508 no Campus de Vigo, 57 en Ourense e 95 en Pontevedra. 385 estudantes Erasmus, principalmente de Italia (83), Alemaña (73), Polonia (62), Francia (44), Turquía (20), Portugal (20), Romanía (17), República Checa (13), Grecia (9), Austria (8), Eslovaquia (8), Reino Unido (8), Bélxica (7), Lituania (6), Finlandia (3), e

Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Noruega un cada un; 108 estudantes de convenios de cooperación bilaterais asinados pola Universidade de Vigo e procedentes de México (63), República de Korea (10), Brasil (7), República de Kazakhstan (7), China (7), Arxentina (3), Colombia (3), Uruguai (3), Chile (2), Taiwan (1), Italia (1) e Canadá (1); sete estudantes do programa Ciencias sen Fronteiras de Brasil; 19 estudantes do convenio específico de colaboración para o recoñecemento mutuo de estudos EM de Brasil; 26 estudantes dentro do programa ISEP e 3 estudantes ISEP I-I 2 de Chile e 1 de Arxentina; 27 estudantes estranxeiros Erasmus prácticas procedentes de Italia (8), Portugal (6), Francia (3), Romanía (3), Alemaña (2), Polonia (2), Reino Unido (2), Finlandia (1); dous estudantes da Fundación Carolina procedentes de Bolivia e O Salvador; catro estudantes visitantes: de China (2), República Checa (1) e Vietnam (1); 18 estudantes no marco do proxecto EMundus GreenIT procedentes de Marrocos (8), Exipto (5), Tunes (3) e Alxeria (2); sete estudantes no marco do proxecto EMundus GreenTechWB procedentes de Serbia (4), Albania (1), Bosnia-Herzegovina (1) e Montenegro (1); seis estudantes no marco do proxecto EMundus E-Gov-TN procedentes de Tunes; 19 estudantes no marco do proxecto europeo EMundus EuroInkaNet procedentes de Bolivia (5), Perú (4), Brasil (3), México (3), Arxentina (2), Colombia (1) e Paraguai (1).

Recibimos tamén a maiores un total de 29 estudantes visitantes estranxeiros de investigación, 17 mulleres e 12 homes procedentes de Alxeria (3), Arxentina (1), Brasil (4), Cabo Verde (1), Colombia (1), Guinea (1), Irán (4), Italia (2), Mauritania (1), México (6), Marrocos (1) e Tunes (4).

Profesorado

Desde a ORI facilitouse o apoio institucional para a recepción de 54 PDI, 49 co programa Erasmus, 3 mulleres no marco do proxecto europeo EMundus GreenTechWB e 2 homes no marco do proxecto europeo EMundus E-Gov-TN.

Persoal de administración e servizos

Recibíronse 55 persoas en diferentes servizos da Universidade de Vigo, 53 no marco do programa (destes,

48 no marco da semana internacional referida no último punto) Erasmus+ e no marco de Erasmus Mundus GreenIT a Universidade de Vigo recibiu a dous PAS (1 home e 1 muller) procedentes de Marrocos e Tunes.

3 A participación en programas e proxectos internacionais

A ORI difundiu entre o profesorado da Universidade de Vigo a información relativa ás novas convocatorias 2016 europeas para presentar proxectos educativos internacionais no marco de: Erasmus+, KA2 asociacións estratéxicas, capacity building, alianzas do coñecemento, alianzas sectoriais, KA3 apoio as reformas políticas: inclusión social a través da educación e a formación, Jean Monnet e Deportes, así como as convocatorias de financiamento de proxectos de innovación e de cooperación ao desenvolvemento da AECID e a Xunta de Galicia. Facilitou a comprensión do proceso de solicitude, apoiou na busca de parceiros internacionais e na formación de consorcios, colaborou tecnicamente no deseño e desenvolvemento de novas propostas competitivas. En relación aos proxectos educativos internacionais aprobados e en vigor en 2015/16, proporcionou asistencia e xestión técnica e financeira, así como coordinación de recursos humanos, nos seguintes 30 proxectos:

- Jean Monnet (tres proxectos): módulos Jean Monnet: «Crossing Borders in the European Area of Justice: Civil, Commercial and Criminal Matters», coordinado pola profesora Inmaculada Valeije Álvarez, e «Liberté de circulation et marché de l'emploi européen», coordinado pola profesora Francisca Fernández Prol. A ORI xestionou un ano máis a cátedra Jean Monnet «Understanding the EU in the 21st century» do profesor Celso Cancela Outeda.
- Programa de aprendizaxe permanente (LLP) da UE: Convocatoria Comenius: «ICT Ways for Science Classrooms». Promotor na Universidade de Vigo: Manuel Pérez Cota.
- Convocatoria Erasmus Redes Multilaterais: Strategic Alignment of Electrical and Information Engineering in European Higher Education Institutions. Promotor na Universidade de Vigo: Juan Carlos Burguillo.

- Convocatoria Key activity 3: «Development of Innovative ICT-based content, services, pedagogies and practice of Lifelong Learning. E-City project: virtual city environment for engineering problem based learning». Promotor na Universidade de Vigo: Martín Llamas.
- Programa Erasmus Mundus (oito proxectos): executáronse as actividades aprobadas para o curso 2015-16 e completouse a mobilidade de 185 beneficiarios no marco do proxecto Erasmus Mundus Green IT for the benefit of the civil society baixo a dirección da prof. Rebeca Díaz e a coordinación técnica de Eva Garea e cun total de 20 socios e 8 asociados coa participación de institucións de Marrocos, Tunes, Arxelia, Exipto e Libia e un orzamento de 4 251 900 €. Realizáronse as accións previstas da primeira anualidade do proxecto Erasmus Mundus Green TECH WB: Smart and Green Technologies for Innovative and Sustainable Societies cos Balcáns occidentais baixo a dirección da profesora Ana Fernández e a coordinación técnica de Eva Garea cun total de 20 socios e 27 entidades asociadas, financiado pola Unión Europea con 2 921 875 €. Organizáronse con presenza do equipo da Universidade de Vigo xornadas informativas en Serbia e Kosovo en febreiro de 2016 para difundir o proxecto e a reunión anual do consorcio na Universidade de Ljubljana, Eslovenia en novembro de 2015. Recibiuse a visita institucional na Universidade de Vigo do reitor da Universidade de Vlora, Albert Qarri, e unha delegación albanesa. Cabe destacar a organización conxunta entre Green IT e Green TECH baixo a coordinación da Universidade de Vigo do I.o encontro internacional entre parceiros do Norte de África de dos Balcáns na UCTM, Sofía no mes de maio de 2016. O proxecto EMundus: Euroinkanet, Europe and Latin America Sustainable Innovation and Knowledge Academic Network, con América Latina, baixo a dirección na Universidade de Vigo da prof. Rebeca Díaz, a coordinación académica da profesora Ana Fernández e a coordinación técnica de Eva Garea procedeu a seleccionar os primeiros beneficiarios durante a xuntanza realizada na Manchester Metropolitan University, entidade coordinadora do proxecto. Xestionouse baixo a dirección da profesora Ana Fernández Vilas o proxecto EMundus E-GOV-TN: Open Government data in Tunisia for Service Innovation and Transparency, no que a Universidade de Vigo participa en calidade de socio, con Tunes e con 17 socios mais e coordinado pola Universidade de Nantes, Francia. Igualmente participouse activamente nas actividades dos proxectos Erasmus Mundus Dream, ACP II, e Angle con África, Caribe e Pacífico e coa Universidade de Porto, e EMundus Battuta coa Universidade de Rouen e o norte de África en calidade de membro asociado.
- Convocatoria KA2, asociacións estratéxicas (seis proxectos): realizouse a xestión técnica e apoio no desenvolvemento dos proxectos KA2: «International Learning Platform for Accountancy (ILPA)», coordinado pola Universität Innsbruck, Austria e na Universidade de Vigo pola profesora. Belén Fernández; organización na Universidade de Vigo, en xuño de 2016, de xuntanza de coordinación do consorcio ILPA; «Systèmes juridiques et droits des entreprises dans l'UE: Traduire et interpréter dans la diversité» (LSTI) coordinado pola Jihoceska Univerzita v Českých Budejovicích (JU) República Checa e na Universidade de Vigo pola prof. Susana Cruces; «A European Guidance Counselling Concept for International Youth Mobility», coordinado pola Hochschule der Bundesagentur für Arbeit e na Universidade de Vigo pola profesora Emilia Seoane. Participación nas reunións inaugurais e inicio dos novos proxectos KA2: «DiamondDT, Development of Innovative AcadeMy ON the basis of DT teaching», coordinado por Lodz University of Technology, Polonia; «Knowledge is power, age ain't matter», coordinado por Wyzsza Szkola Bankowa w Poznaniu, Polonia; e «Mapped», coordinado por International Exchange Erasmus Student Network France e na Universidade de Vigo polo profesor Manuel Fernández Iglesias.
- Programa Edulink II e África, Caribe, Pacífico-EU. Executáronse as actividades previstas da última anualidade do proxecto HEEM, «Reinforcement of Higher education as a tool to foster efficient use of energy applied to the poverty reduction within the marine sector through capacity building and regional integration» coordinado na Universidade de Vigo polo profesora Domingo Docampo e Angel Sánchez, e a coordinación técnica de Eva Garea.
- Programa Tempus IV (tres proxectos): realizáronse

- as actividades previstas nos proxectos Tempus Bihtek, Momate e Go-Univ. Cabe destacar no proxecto BIHTEK a participación da profesora Rebeca Díaz e Eva Garea na reunión anual e conferencia internacional de difusión en abril de 2016 na Universidade de Mostar, Bosnia & Herzegovina coa presenza de representantes das universidades de Bosnia & Herzegovina. Así como organización de visita formativa na Universidade de Vigo en marzo de 2016 para o persoal docente procedente de Zenica e East Sarajevo. No marco do proxecto Momate, a participación na reunión do consorcio, setembro de 2015, na Abdelmalek Essaadi University, Marrocos, para o seguimento da formación dos equipos piloto e avance do programa académico en ER, e en abril de 2016, na Università degli Studi di Aquila, Italia, para o desenvolvemento da formación en Moodle e deseño de cursos en liña para o Norte de África en enerxías renovables. Participación de Dolores Ojea Troncoso, na xuntanza do proxecto Go-Univ: ferramentas de pilotax e formación nas prácticas da nova guía para reforzar a gobernanza e xestión interna estratéxica universitaria na Université Alakhawayn, Marrocos en outubro de 2015.
- Proxecto Experes, «Les TICS appliquées à l'expérimentation scientifique» coordinado pola Universidad de Murcia, e na Universidade de Vigo pola profesora Rebeca Díaz e asistencia a súa reunión inaugural cos socios de Marrocos.
 - Proxecto EMIS, Equality, Diversity, Integration through Sport, no marco da convocatoria europea Sports, Eventos Deportivos Europeos sen ánimo de lucro, coordinado pola University of Franche-Comté, Francia e na Universidade de Vigo por Javier Rial e Eva Garea. A delegación da Universidade de Vigo constituída por 21 representantes (docentes e estudantes) participou activamente durante unha semana en abril de 2016 en Besançon nas actividades de EMIS de igualdade de oportunidades e inclusión social de persoas con discapacidade, cos 12 socios europeos do proxecto.
 - Proxecto Boost your Talent. A Universidade Karel de Grote-Hogeschool e a University of Economics in Katowice lideraron a creación, xunto coa Universidade de Vigo dun proxecto de innovación educativa para a mellora das competencias dos
- estudantes en xestión cross media a través dunha competición interuniversitaria denominada «Boost your talent in Cross media Management», que incluíu unhas xornadas de defensa de proxectos en marzo de 2016, en Antwerp, Bélxica coa presenza de docentes e de cinco estudantes dos graos de Comunicación Audiovisual e de Publicidade e Relacións Públicas da Universidade de Vigo.
- Proxecto GNA coa Geant Association para o desenvolvemento de portal tecnolóxico e repositorio de datos OER para implantar servizos de educación aberta, baixo a coordinación na Universidade de Vigo do profesor Domingo Docampo.
 - No marco das convocatorias da Xunta de Galicia e da AECID de proxectos de cooperación para o desenvolvemento realizouse o seguimento dos dous proxectos en vigor, un con Cabo Verde e outro con Cuba: «Mellora da xestión sostible e rendible dos recursos e servizos mariños en Cabo Verde a través do desenvolvemento de redes de monitorización do estado ecolóxico do medio costeiro para a súa aplicación a produción pesqueira e a conservación», coordinado na Universidade de Vigo polo prof. Emilio Suárez e o Campus do Mar e «Impermeabilización de cubiertas de vivendas elaborados con materiais reciclados para familias vulnerables del municipio de Calimate», coordinado na Universidade de Vigo pola profesora Carmen María Abreu, e xestionado tecnicamente pola ORI.
 - No marco das convocatorias Erasmus+ KA107 a universidade de Vigo está a desenvolver o proxecto 2015-1-ES01-KA107-015451 para realizar mobilidades entrantes e saíntes con China e acadou novo financiamento na convocatoria 2016, Proxecto 2016-1-ES01-KA107-024540 para realizar mobilidades con China, Cabo Verde e varios países dos Balcáns occidentais.

4 A sinatura de convenios internacionais

En 2015/2016, asináronse 37 novos convenios de cooperación internacional e 62 convenios Erasmus (58 de renovación e 4 novos) nun total de 98 áreas. Cabe destacar a promoción realizada pola ORI para que os centros elaboren acordos de cooperación de programas de dobre título.

5 Participación en feiras e encontros internacionais

- Grupo Compostela, setembro 2015, Santiago de Compostela
- Feira PRONABEC, novembro 2015, Perú
- Comisi3ns CRUE, outubro 2015 e maio de 2016
- SEPIE Erasmus+, decembro 2015, Madrid; xu3no 2016, Navarra
- Leonet, abril 2016, Barcelona
- Nafsa, maio 2016, EUA

6 Outras actividades

Organizouse en abril de 2016 a V Semana Internacional para o persoal docente e de administraci3n e servizos baixo a tem3tica: emprego e emprendemento, desenvolvemento das capacidades dos/as estudantes no programa Erasmus +, coa presenza de 48 socios internacionais.

Presentaci3n por parte de Eva Garea no Nice Network, xu3no 2016, na University of Applied Sciences Krems, Austria do workshop: mellores pr3cticas na xesti3n de proxectos financiados pola Uni3n Europea con 3frica.

Asistencia por parte de Eva Garea ao Seminario de contacto cos Balc3ns Occidentais organizado pola Comisi3n Europea en decembro de 2015.

Formaci3n do persoal da Oficina de Relaci3ns Internacionais: estadi3 de traballo de Henar Quintas grazas a s3a participaci3n no proxecto Euroinkanet na Universidad Nacional Jorge Basadre Grohmann, Perú e de Eva Garea Oya grazas ao programa Erasmus+ na Athens University of Economics and Business, Grecia.



Área de Empleo e Emprendemento

A Área de Empleo e Emprendemento ten como principal misión estreitar os vínculos entre a Universidade e a sociedade en materia de emprego e facilitar o coñecemento mutuo das necesidades, requisitos e posibilidades de cada unha das partes. Consecuentemente, leva a cabo unha serie de accións que, a partir das necesidades detectadas, permiten ofrecer (de maneira continuada) novas oportunidades de inserción laboral e impulsar así a emprego de estudantes e persoas egresadas desta universidade.

Son catro as liñas estratéxicas nas que esta área da Universidade de Vigo desenvolve a súa actividade:

Orientación e información de emprego

Durante o curso académico 2015/2016, realizáronse un total de 92 entrevistas individualizadas de orientación laboral.

Número total de entrevistas desagregado por sexo e situación académica:

	Estudantes		Titula-das/os		Total	
	Nº	%	Nº	%	Nª	%
Mulleres	6	7	41	44	47	51,09
Homes	24	26	21	23	45	48,91
Total	30	33	62	67	92	100

Número total de entrevistas desagregado por ámbito, sexo e situación académica:

	Estudantes		Titula-das/os		Total	
	Nº	%	Nº	%	Nª	%
Arte e humanidades	0	0	9	1	10	10,87
Ciencias da saúde	0	0	0	1	1	1,09
Científico	4	0	5	0	9	9,78
Tecnolóxico	1	12	3	9	25	27,17
Xurídico-social	1	10	23	10	44	47,83
Mestrados	0	2	1	0	3	3,26
Total	6	24	41	21	92	100

Demandas solicitadas:

Formativas

- Especialización 12
- Formación para o emprego 19
- Formación ocupacional 14

Profesionais laborais

- Información sobre o mercado laboral 45
- Saídas profesionais 53
- Carta de presentación 47
- Currículo 56

- Entrevista de selección 38
- Ofertas de emprego 41
- Emprego público 45
- Prácticas en empresas 23
- Probas psicotécnicas 3

No relativo as ofertas de emprego, durante o curso académico 2015/2016, a Área de Emprego e Emprendemento xestionou e tramitou ofertas de emprego para diferentes sectores.

En total, tramitáronse 145 ofertas de emprego (573 prazas difundidas).

Difundidas: 145

- Sen preselección de candidaturas: 131
- Con preselección de candidaturas: 14

Currículos tramitados: 292

- Admitidos: 180
- Excluídos: 156

Perfil académico: por ámbitos solicitados

Ámbitos	Prazas	%
Arte e humanidades I	20	2,76
Arte e humanidades II	16	2,21
Tecnolóxico	348	48,00
Xurídico-social I	93	12,83
Xurídico-social II	64	8,83
Xurídico-social III	5	0,69
Xurídico-social IV	9	1,24
Científico	160	22,07
Ciencias da saúde	1	0,14
Todos	9	1,24

(*) Nalgunhas convocatorias, cada praza solicitada pode admitir máis dunha titulación

Localización dos postos de traballo ofertados:

Localización	Prazas	%
Galicia	182	31,76
Resto de España	386	67,36
Internacionais	5	0,88
Total	573	12,83

Tipo de contrato

	Prazas	%
Indefinido	39	6,81
De duración determinada	191	33,33
Formativo	342	59,69
Outros	1	0,17
Total	573	100

Avaliación do servizo prestado por parte dos axentes empregadores

- Respostas recibidas: 56
- Valoración (de 1 a 5): media de 4,32
- Modificación no procedemento: Si 0 % / Non 100 %

No relativo as bolsas de prácticas en empresas/institucións, durante o curso académico 2015/2016, a Área de Emprego e Emprendemento difundiu as seguintes convocatorias:

Difundidas: 55

- Sen preselección de candidaturas: 49
- Con preselección de candidaturas: 6

Currículos tramitados: 45

- Admitidos: 23
- Excluídos: 22

Finde.U

Neste mesmo ámbito de traballo, entre os días 30 de maio e 3 de xuño desenvolveuse a Finde.U feira virtual do emprego, cos seguintes resultados:

Número de expositores virtuais confirmados: 114

- 78 empresas con necesidades de contratación de persoal
- 23 servizos/puntos de información relacionados con emprego e mobilidade
- 13 países participantes, no ámbito da rede EURES
- Número de ofertas de emprego: 370
- Número de postos de traballo derivados das ofertas: 1324
- Países máis representativos (por postos de traballo):

Alemaña, Reino Unido, España, Portugal, Malta, Suecia, Noruega, Dinamarca, Holanda, Bélxica, Eslovaquia

Grupos profesionais máis representativos:

- TIC: 423 (~32 % do total)
- Enfermaría: 335 (25,3 %)
- Vendas/Comercial e moda: 96
- Enxeñaría: 72
- Apoio ao cliente/a: 55
- Educación: 49
- Candidaturas a ofertas de emprego e prácticas: 4435
- Entrevistas (exclusivamente as axendadas na plataforma): 49

Formación para o emprego

Durante o curso académico 2015/2016, a Área de Emprego e Emprendemento organizou catro convocatorias (febreiro, marzo, maio e xuño) dos obradoiros de busca de emprego cos seguintes módulos:

- Coñécete a ti mesmo/a: o teu proxecto profesional:
- Como e onde buscar traballo
- Carta de presentación e CV
- O proceso de selección
- O meu primeiro contrato laboral

Prácticas académicas externas

Á Área de Emprego e Emprendemento ten encomendada a xestión e coordinación dos procedementos administrativos derivados das prácticas académicas externas dos/as estudantes da Universidade de Vigo. En coordinación coa Fundación Universidade de Vigo, que ten encomendada a xestión das prácticas académicas extracurriculares, a Área serve de enlace entre as empresas e a Universidade na tramitación dos convenios de cooperación educativa que dean soporte xurídico as estancias do estudantado.

No curso académico 2015/2016 xestionáronse dende a Área de Emprego e Emprendemento un total de 365 acordos de cooperación educativa para a realización

de prácticas, dos que 328 corresponderon a convenios de cooperación educativa formulados cun modelo da Universidade de Vigo aprobado en Consello de Goberno, que ofrece cobertura a prácticas externas curriculares e extracurriculares dos/as estudantes de todas as titulacións da Universidade de Vigo, 28 foron convenios de cooperación educativa específicos para os que se utilizaron outros modelos de convenio negociados coas empresas ou institucións asinantes; e 9 corresponderon a acordos internos con órganos ou unidades da propia Universidade.

A distribución xeográfica por provincias das empresas e entidades coas que se asinou convenio foi a seguinte:

Provincia	Convenios asinados
Pontevedra	202
Ourense	17
A Coruña	65
Lugo	5
Madrid	22
Barcelona	5
Outras	50

En canto ao tipo de empresa/entidade asinante segundo o seu tamaño e natureza xurídica, a distribución foi a seguinte:

Tipo de empresa	Convenios asinados
Pequena (menos de 50 traballadores/as)	223
Mediana (entre 50 e 500 traballadores/as)	56
Administración pública	28
Autónomo	21
Fundación/Entidade sen ánimo de lucro	5
Grande (máis de 500 traballadores/as)	24
Multinacional	4
Empresa familiar	3

Polo que respecta ás actividades económicas das entidades e empresas coas que se asinou algún tipo de convenio ou acordo de cooperación educativa durante o curso 2015/2016, as oito actividades máis destacadas son as seguintes:

Actividade económica	Convenios asinados
Actividades recreativas, culturais e deportivas	34
Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	25
Actividades informáticas	17
Investigación e desenvolvemento	9
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	9
Actividades diversas de servizos persoais	8
Actividades asociativas	7

Emprendemento-autoemprego

Para fomentar o espírito emprendedor no colectivo universitario, a Universidade de Vigo, a Cidade Universitaria e a Fundación Universidade de Vigo, convocaron, en decembro de 2015, a 5.a edición dos premios Incuvi-Emprende. Nesta edición ofreceuse por segundo ano de maneira conxunta espazos nos tres campus da Universidade de Vigo.

No Campus de Ourense, ofertáronse catro premios, consistentes nunha subvención dos custes da estadía por un período dun ano nun dos espazos Incuvi situados na sede de Tecnópole. No caso de Pontevedra, foron dous premios, consistentes nunha subvención dos custes da estadía por un período dun ano nun dos espazos Incuvi situados na sede de AJE Pontevedra. Ademais concedéronse dous accésits que ocuparon o espazo de coworking tamén situado en AJE Pontevedra. No Campus de Vigo, ofertáronse seis premios, consistentes nunha subvención dos custes da estadía por un período dun ano nun dos espazos Incuvi, situados na Cidade Universitaria. Ademais, concedéronse dous accésits que ocuparon o espazo de coworking tamén situado na Cidade Universitaria.

Nesta quinta edición presentáronse a concurso 29 proxectos por un total de 55 estudantes.

Proxectos presentados segundo ámbito de coñecemento

- Artes e humanidades 1
- Ciencias 1
- Enxeñaría 12
- Xurídico-social 10

- Multidisciplinares 5

Estudantes presentados segundo sexo

- Mulleres 17 31 %
- Homes 38 69 %

Estudantes presentados segundo tipo de estudos cursados

- Enxeñeiro/a 5
- Enxeñeiro/a técnico 3
- Grao 42
- Licenciada 1
- Licenciado 1
- Mestrado 3

Por vez primeira convocáronse os premios Incuvi-Avanza coa colaboración do Consorcio da Zona Franca de Vigo, do Centro de Investigación, Transferencia e Innovación de Ourense (CITI) e da Confederación de Empresarios de Ourense (CEO); ofreceuse un programa de aceleración dun ano de duración a proxectos gañadores de todas as edicións de Incuvi-Emprende. Entregáronse un premio no Campus de Vigo e outro no Campus de Ourense.

Aos premios Incuvi-Avanza presentáronse dous proxectos por cada un dos campus e resultaron premiados Robotilab, no Campus de Vigo, e Meigalabs no de Ourense.

Eures

Dentro do plan de actividades 2016 de Eures Transfronterizo Galicia-Norte de Portugal realizouse por vez primeira un programa de prácticas transfronteirizas para estudantes da Universidade de Vigo dotadas cunha bolsa económica de 400 € por mes e estudante que se desenvolveron entre os meses de xullo e agosto.


- Número de prácticas ofertadas: 10
- Número de empresas acollidas ao programa: 8 empresas (12 vacantes)

Número de solicitantes e asignacións de praza:

- Artes e humanidades: 3 (unha praza asignada)
- Enxeñaría: 16 (7 prazas asignadas)
- Ciencias Xurídicas e Sociais: 4 (dúas prazas asignadas)

Outras accións

Entre o 25 e o 29 de abril de 2016 desenvolveuse e a International Staff Training Week organizada en colaboración coa Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais na que participaron 45 profesionais universitarios no ámbito do emprego de universidades de máis de 20 países europeos.



Área de Normalización Lingüística (ANL)

Os ámbitos máis destacados da actividade desenvolvida pola Área de Linguas son os seguintes:

1. Supervisión académica das actividades do Centro de Linguas

- Oferta e impartición de cursos de idiomas, cursos de formación metodolóxica para o ensino de linguas, cursos de formación específicos dirixidos ao PDI e PAS da Universidade de Vigo para a súa capacitación para desenvolver as actividades laborais en inglés, e cursos específicos de inglés para o turismo para a Deputación de Pontevedra e de inglés para os Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda de Galicia (Esdemga). Véxase o informe da Fundación Universidade de Vigo sobre as actividades desenvolvidas no Centro de Linguas no ano 2015/2016;
- Exames de acreditación de nivel oficiais (CertAcles, DELE, HELA e TOEFL) e de acceso libre (alemán, francés e inglés); e
- Proceso de acreditación do Centro de Linguas como institución certificadora dos exames CertAcles correspondentes ao nivel B1 de alemán, español, francés e inglés.

2. Accións encamiñadas ao desenvolvemento do plan de docencia en inglés

- Organización das seguintes convocatorias de probas de acreditación HELA nos seguintes campus:

Vigo

1.a convocatoria: 3 e 4 de novembro de 2015

2.a convocatoria: 1 e 2 de marzo de 2016

3.a convocatoria: 18 e 21 de abril de 2016

Ourense

1.a convocatoria: 10 de novembro de 2015

2.a convocatoria: 7 de marzo de 2016

- Revisión das enquisas de avaliación do profesorado e do alumnado implicados na docencia impartida en inglés dentro do programa multilingüe e reenvío destas revisadas ao profesorado e alumnado.
- Posta en marcha, en colaboración co Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo, e supervisión académica dun plan de formación para o PAS e PDI:

- Curso de pronuncia para a docencia en inglés (20 h): Ourense, 01/09-11/09/2015
- Curso de pronuncia para a docencia en inglés (20 h): Pontevedra, 01/09-11/09/2015
- Curso de práctica do discurso oral en inglés (20 h): Ourense, 01/09-11/09/2015
- Inglés económico-administrativo, nivel I (20 h): Ourense, 19/10-25/11/2015
- Inglés económico-administrativo, nivel I (20 h): Vigo, 20/10-19/11/2015
- Atención ao público en inglés, inicial (40 h): Vigo 16/02-28/04/2016
- Inglés académico escrito (30 h): Vigo, 01/03-28/04/2016

A oferta de docencia en inglés nos graos dentro do programa multilingüe da Universidade de Vigo para o curso académico 2015/2016 aparece desagregada na táboa 1, atendendo ao número de titulacións, materias e docentes, así como ás horas totais impartidas en cada centro. Queda excluída a docencia impartida no grao de Linguas Estranxeiras da Facultade de Filoloxía e Tradución pola natureza propia do grao. Así mesmo, quedan excluídas as materias de inglés específico incluídas nas titulacións ofertadas na Facultade de Empresariais e Turismo e na Facultade de Ciencias da Educación.

Táboa 1: Oferta de docencia de grao en inglés no ano académico 2015/2016

Centro	Núm. de titulacións	Núm. de materias	Núm. de docentes		Horas impartidas en inglés
			Mulleres	Homes	
Fac. de Ciencias (OU)	1	1	0	1	28
Fac. de Ciencias da Educación (OU)	1	1	0	1	23
Fac. de Empresariais e Turismo (OU)	1	8	3	6	450
Escola Superior de Enxeñaría Informática (OU)	1	6	2	2	246,5
Fac. Ciencias Xurídicas e do Traballo	1	1	2	0	51
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	1	10	2	12	448
Escola de Enxeñaría Industrial	6	36	1	7	343
Escola de Negocios Afundación	1	6	2	1	840
Fac. de Bioloxía	1	2	0	2	11
Fac. de Ciencias do Mar	1	3	1	3	134
Fac. de Ciencias Económicas e Empresariais	1	8	5	4	208,5
Fac. de Fisioterapia	1	1	1	0	20
Fac. de Química	1	1	0	3	91
	18	84	19	42	2894
			61		

Como se pode observar na táboa 1, o centro que máis horas imparte en inglés (Escola de Negocios Afundación) non é o que máis materias oferta nese idioma, xa que o é a Escola de Enxeñaría Industrial.

Coa finalidade de establecer unha comparativa do incremento experimentado con respecto ao ano anterior, a táboa 2 mostra os resultados do ano académico 2014/2015.


Táboa 2: oferta de docencia de grao en inglés no ano académico 2014/2015

Centro	Núm. de titulacións	Núm. de materias	Núm. de docentes		Horas impartidas en inglés
			Mulleres	Homes	
Fac. de Ciencias (OU)	1	1	0	1	30
Fac. de Empresariais e Turismo (OU)	1	8	4	6	440
Escola Superior de Enxeñaría Informática (OU)	1	6	2	2	218,25
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	1	8	1	9	399
Escola de Enxeñaría Industrial	6	22	3	18	715
Fac. de Ciencias do Mar	1	3	0	3	25
Fac. de Ciencias Económicas e Empresariais	1	9	4	5	292
Fac. de Química	1	1	0	3	117
Total	13	58	14	47	2234,25
			61		

En comparación co ano 2014/2015, no ano académico 2015/2016 houbo un incremento substancial no número de materias impartidas en inglés. Non obstante, o aumento de titulacións que ofertaron docencia en inglés foi máis moderado. Non houbo diferenza no referente

ao número total de docentes que impartiron as materias, aínda que si se percibe un lixeiro aumento de mulleres e, pola contra, o correspondente descenso de homes. Véxanse, a continuación, os gráficos 1 e 2.


Gráfico 1: comparativa de titulacións, materias e docentes 015



En comparación co ano 2014/2015, no ano académico 2015/2016 houbo un incremento substancial no número de materias impartidas en inglés. Non obstante, o aumento de titulacións que ofertaron docencia en inglés foi máis moderado. Non houbo diferenza no referente

ao número total de docentes que impartiron as materias, aínda que si se percibe un lixeiro aumento de mulleres e, pola contra, o correspondente descenso de homes. Véxanse, a continuación, os gráficos 1 e 2.

Gráfico 2: comparativa de horas de docencia impartidas en inglés



No referente á docencia de mestrado impartida en inglés no ano académico 2015/2016, tal como mostra a táboa 3, destacan os mestrados en enxeñaría industrial e enxeñaría de telecomunicacións polo volume de horas impartidas e o número de materias ofertadas en inglés. De novo queda

excluída a docencia impartida no mestrado de estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións da Facultade de Filoloxía e Tradución que, pola súa propia natureza, se imparte integramente en inglés.

Táboa 3: oferta de docencia de mestrado en inglés no ano académico 2015/2016

Centro	Núm. de titulacións	Núm. de materias	Núm. de docentes		Horas impartidas en inglés
			Mulleres	Homes	
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	1	16	4	14	450
Escola de Enxeñaría Industrial	1	12	3	14	482
Escola de Negocios Afundación	1	5	2	1	48
Fac. de Bioloxía	1	1	4	4	224
Total	4	34	13	33	1204
		46			



Unidade de Estudos e Programas (UEP)


Na actividade da UEP ao longo de 2015 destacan tres momentos importantes:

- A incorporación ao sistema de queixas, suxestións e parabéns de centros e departamentos, co que todas as unidades da Universidade de Vigo contan con sistema informatizado.
- A entrada en vigor da Lei de transparencia e goberno aberto e, como consecuencia, a publicación do novo Portal de transparencia que recolle tanto a información estatística publicada a través do Portal de Universidade en cifras, como as obrigas legais de publicidade activa.
- A aprobación en Consello de Goberno de 2 de marzo de 2015 do Regulamento da Comisión de Calidade da universidade que se constitúe o 3 de decembro. Sobre a comisión e as súas comisións delegadas, das que a coordinadora da UEP é membro, recae a responsabilidade da planificación e desenvolvemento dos programas de calidade da universidade.


Por outra banda a UEP continúa coas súas actividades habituais.

1. Estatísticas, clasificacións e solicitudes de datos


Durante o ano 2015 respóndense 118 solicitudes de datos das que 35 son de demandantes externos (Plan estatístico nacional, AGE, CRUE, Universia,...), e 83 de orixe interno (Gabinete de Prensa, vicerreitorías, ...). O 30 % son respondidas en 24 horas.




Solicitudes por tipo de usuario/a




Tempo de resposta



Solicitudes por área



Solicitudes por tipo de dato



Como é habitual, a finais de 2015 realízase unha nova revisión do procedemento de xestión de solicitudes de datos asignando responsabilidades, tipos de datos, fontes fiables, usos dos datos, periodicidade e procedemento de validación na procura de datos coherentes, fiables e reutilizables.

Desde decembro de 2015 e en aplicación do establecido na Lei de transparencia e bo goberno, pódese realizar a solicitude de información a través do formulario habilitado no portal de transparencia, facilitando así o dereito de acceso á información pública a toda a sociedade. Tal e como establece a citada lei realízase un estudo dos datos máis solicitados co obxecto de incorporalos aos datos publicados en Universidade en cifras.

Con respecto á participación en clasificacións nacionais e internacionais desde o ano 2015 a UEP recolle e publica

na web institucional as novas publicadas nos medios de comunicación sobre a presenza da Universidade de Vigo nas clasificacións. No último trimestre do ano elaborábase e publícase un informe sobre a presenza da Universidade de Vigo nas listaxes de clasificación máis prestixiosas co obxecto de recoller nun único documento os resultados da nosa participación neles.

2. Xestión de indicadores

A UEP ten encomendadas as tarefas relativas ao cálculo de indicadores de resultados de diversos programas:

- Contrato programa de centros: no consello de goberno do 27 de novembro de 2015 apróbase a nova normativa que regula a financiamento de centros da Universidade de Vigo en función dos resultados de contratos-programa. A UEP realiza en decembro

o cálculo dos novos indicadores establecidos na normativa e que servirán de base para o reparto orzamentario correspondente.

- Programa de seguimento de titulacións oficiais: co obxecto de proporcionar ás comisións de centro os indicadores necesarios para elaborar a memoria de seguimento de titulacións, realizamos o cálculo e a publicación na web dos indicadores aprobados no programa.
- Programa de acreditación de titulacións oficiais: a UEP realiza o cálculo e a publicación dos indicadores aprobados pola ACSUG, das titulacións oficiais acreditadas cada ano.
- Programa de certificación do sistema de garantía interna de calidade dos centros: en colaboración coa Área de Calidade realízase a proposta dun novo panel de indicadores coherente coas necesidades dos programas de seguimento e acreditación de titulacións, e contrato-programa de centros. A proposta é aprobada ao longo do ano polas Comisións de calidade dos distintos centros. Seguindo o calendario previsto a UEP realiza o cálculo e publicación dos indicadores do panel.

3. Transparencia

No primeiro trimestre do ano a UEP realiza o diagnóstico do cumprimento das obrigas de publicidade activa establecidas pola Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso a información pública e bo goberno. Tras varias xuntanzas coas unidades afectadas, e a análise de varios portais doutras institucións, en abril publícase na web o portal de transparencia, oito meses antes da entrada en vigor da lei no ámbito de universidades que se produce o 10 de decembro de 2015.

O portal de transparencia engloba a información que ata o momento se publicaba a través do apartado «Universidade en cifras», recollendo deste xeito a información relativa aos indicadores da listaxe de clasificación elaborada pola Fundación Compromiso e Transparencia e completándoa coas obrigas da lei.

4. Sistema integrado de información universitaria

A UEP coordina, en colaboración cos servizos informáticos, as tarefas do sistema integrado de información universitaria (SIIU), co que se elaboran entre outras as estatísticas do Plan estatístico nacional.

Ao longo do ano, seguindo o calendario previsto, a UEP realiza tarefas de supervisión, contraste cos datos propios e validación dos ficheiros das áreas de bolsas, académica, económica e de recursos humanos. Neste ano incorporábase ao sistema o ficheiro de persoal investigador, polo que se realizan en colaboración coas áreas afectadas as tarefas de identificación de fontes, revisión de información e elaboración e carga dos ficheiros correspondentes.





Por outra banda e dada a utilidade da información existente no SIIU, ao longo do ano realizamos varias descargas de ficheiros dos principais indicadores do sistema universitario español, que publicamos a través da secretaría virtual, de xeito que poida ser accesible a todos os membros da comunidade universitaria.

5. Sistema de queixas, suxestión e parabéns

A principios de 2015 os centros da Universidade de Vigo aproban o novo procedemento de queixas, suxestións e parabéns que forma parte do sistema de garantía interna de centros, e que se axusta ao establecido no procedemento en funcionamento no ámbito de xestión.

En marzo do ano 2015, habilítase no sistema de queixas, suxestións e parabéns os centros (propios e adscritos) e departamentos, que substitúe os sistemas que xa estaban funcionando en cada centro. A finais do ano 2015 implántase o sistema nos centros de investigación propios da Universidade de Vigo como Cacti, Ecimat, Cinbio e CITI. Deste xeito a Universidade dótase dun sistema único (coa soa excepción da Biblioteca Universitaria) aplicable a todas as súas unidades e actividades.

Ao longo do ano 2015 presentáronse 447 QSP, das que o 94 % foron respondidas en prazo, e o tempo medio de resposta foi de cinco días. Tendo en conta que o prazo é de 15 días ponse en evidencia a implicación das persoas responsables de cada unidade na eficacia do sistema.



6. Responsabilidade social

A UEP colabora co Comisionado de Plan estratéxico na redacción da memoria de responsabilidade social, correspondente á actividade do ano 2014 e curso 2013/2014, proporcionando os datos que garanten o cumprimento dos indicadores GRI (Global Reporting Initiative), e outros que se consideran relevantes e que deben ser publicados a través da memoria. A memoria presentouse no consello de goberno do 21 de decembro de 2015.

Co obxectivo de ver o compromiso da Universidade coa responsabilidade social, ao longo de 2015 a UEP identifica e publica a través da web, as actividades da universidade

que xeran un relevante impacto directo ou indirecto, socioeconómico e medioambiental, para a unidade propia, para os seus grupos de interese e para a sociedade en xeral.

7. Outras actividades

- Programa de cartas de servizo: ao longo do 2015 a UEP proporciona asesoramento técnico e administrativo para redactar as cartas de servizo da Secretaría Xeral, Área de Calidade, Asesoría Xurídica e a OTRI.
- Programa de mellora de procesos: a UEP colabora coa Área de Calidade e as áreas afectadas na definición

dos procesos e procedementos de xestión de persoal e xestión académica.

- Comisión de Calidade da Universidade: a UEP redacta en xuño de 2015 a memoria final de seguimento do Plan Avante-plan de mellora da calidade no ámbito de xestión. A memoria é presentada na sesión de constitución da Comisión de Calidade, da que a coordinadora da unidade é membro.

8. Formación

Formación programada e impartida pola unidade:

Programa formativo	Horas	Matrículas	Valoración global	Avaliación da eficacia
Acción formativa: Aplicación informática do sistema de queixas, suxestións e parabéns (primeira quenda)	2	88	3,58	Capacitación no manexo da ferramenta informática de xestión de queixas, suxestións e parabéns.
Acción formativa: Aplicación informática do sistema de queixas, suxestións e parabéns (segunda quenda)	2	18	4,27	Capacitación no manexo da ferramenta informática de xestión de queixas, suxestións e parabéns.
Curso: Responsabilidade social corporativa	20	21	3,00	Adquisición de coñecementos en criterios e actuacións en materia de RSE
Proxecto TEMPUS	2	20	-	Mostrar a xestores de universidades marroquís o Programa de procesos no ámbito de xestión da Universidade de Vigo
Procedementos na Universidade de Vigo				

Formación á que asiste o persoal da unidade:

Entre os obxectivos da UEP atópase a formación continua do persoal da unidade, o que redonda na mellora da calidade do servizo prestado. No ano 2015 o persoal realiza os seguintes cursos con aproveitamento:

Programa formativo	Organizado por	Avaliación da eficacia
Word 2010 nivel I e II	Universidade de Vigo	Capacitación no manexo da aplicación informática de uso habitual na xestión da unidade
Excel 2013 nivel II	Universidade de Vigo	Capacitación no manexo da aplicación informática de uso habitual na xestión da unidade
Audidores internos FIDES-AUDIT	ANECA	Formación de audidores internos en sistemas de garantía interna de calidade do sistema universitario español
Prevenición do acoso sexual e por razón de sexo	Universidade de Vigo	Aproximación conceptual ao tema, estudo das consecuencias na institución, marco lexislativo e medidas de prevención
Responsabilidade social corporativa	Universidade de Vigo	Adquisición de coñecementos en criterios e actuacións en materia de RSE
Sinatura electrónica	Universidade de Vigo	Adquisición de coñecementos sobre sinatura electrónica, certificado dixital e administración electrónica
Transparencia y Gobierno Abierto: realidades y aplicación práctica	UIMP	Coñecemento dos antecedentes históricos e situación actual no mundo do concepto de transparencia e goberno aberto. Aplicación na xestión de transparencia na Universidade de Vigo
Consultas avanzadas en Meta4	Universidade de Vigo	Coñecemento das consultas a realizar na aplicación informática Meta4
Os estudos de grao na Universidade de Vigo	Universidade de Vigo	Coñecemento da xestión académica dos estudos de Grao
Organización do traballo. Xestión do tempo e do estrés	Universidade de Vigo	Adquisición de habilidades en xestión do tempo, identificación de situacións de estrés e ansiedade, síntomas, respostas fisiolóxicas, implicacións sobre a saúde e desenvolvemento profesional.
Como contrastar o éxito dunha web e xerar novos contidos	Universidade de Vigo	Coñecemento de análises e xestión de contidos WEB, plan de análise, ferramentas, conceptos técnicos básicos, creación e difusión de contidos audiovisuais.



Unidade de Igualdade

O Consello de Goberno aprobou na súa sesión do 15 de abril de 2016 aprobou o II Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo (2016/2019) cunha vixencia temporal de catro anos. O plan caracterízase por estar adaptado á realidade, é integrador, transversal, participativo e dinámico. Estrutúrase en catro eixes que a súa vez conteñen obxectivos estratéxicos e operativos. A partir deses obxectivos se concretan as 85 accións que se consideran necesarias para acadalos.

Os catro eixes que conforman este segundo plan son:

- Cultura da igualdade na Universidade de Vigo
- Proxección social da Universidade de Vigo con perspectiva de xénero
- Docencia, investigación e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero
- Condicións sociolaborais con perspectiva de xénero

Xornadas de investigación

O 15 de xullo de 2016 tivo lugar en Santiago de Compostela a IV Xornada Universitaria Galega en Xénero, XUGeX, organizada polas tres universidades

galegas e na que participou persoal docente e investigador de todas elas. Esta edición adicouse á integración da perspectiva de xénero na docencia e nela se presentaron 15 comunicacións e 20 pósters. A conferencia inaugural foi impartida pola catedrática emérita da Universitat Autònoma de Barcelona, Marina Subirats e titulouse «O que a Universidade nos debe ás mulleres»

Acto institucional do 8 de marzo

Como vén sendo habitual dende hai tres anos, o día 8 de marzo, «Día Internacional das Mulleres» realizouse o acto institucional da Universidade de Vigo no que o reitor fixo entrega do cuarto premio Uviguala que lle foi concedido á Asociación Universitaria de Ciencias da Educación (AUCE) do Campus de Ourense. No mesmo acto, a profesora Águeda Gómez Suárez impartiu a conferencia titulada «Xénero e orde sociosexual: unha viaxe transcultural» e Alba Rodríguez Álvarez, alumna do Grao de Dereito leu o manifesto do alumnado.

Axudas convocadas pola Unidade de Igualdade

Para o ano académico 2015/2016 a Unidade de Igualdade

levou a cabo, a través das súas convocatorias de axudas, as seguintes actividades para impulsar a perspectiva de xénero na docencia e sensibilizar en materia de igualdade en colaboración con toda a comunidade universitaria:

Primeiro cuadrimestre:

- «Mapeos participativos dende unha perspectiva de xénero»
- Xornada: Reconstruíndo o dereito dende unha perspectiva de xénero
- «IV Escola Feminista»
- Xornadas: «Xénero, masculinidades e transculturalidade. ¿É a sexualidade unha ideoloxía?»
- Representación teatral de Inversa Teatro *Femina Sapiens*
- Xornada: «A imaxe da muller na publicidade comercial»
- Ciclo de conferencias-obradoiro: «Unha mirada de xénero»
- «Xornada internacional de lactación materna»
- Xornadas: «Camiñando cara á igualdade: problemas e solucións na esfera xurídica e psicosocial»
- Xornadas: «Literatura infantil e xuvenil. A pegada das mulleres desde a tradición oral á actualidade»
- Xornada: «Igualdade e emprego: cuestións actuais de debate»

Segundo cuadrimestre:

- Concertos de música contemporánea: *Coma espellos dun calidoscopio*
- Xornada: «A investigación en interpretación: novas olladas dende a perspectiva de xénero»
- «Intervencións artísticas críticas: *Eat art* dende a perspectiva de xénero» Xornada: Feminismos para principiantes
- Conferencia «Charlotte Salomon, Graphic Artist: A Feminist Lineage for Jewish Women's Comics»

Actividade de sensibilización contra a violencia de xénero

A campaña institucional *Espazos de igualdade. Paisaxes de liberdade* foi posta en marcha co gallo do 25 de novembro «Día internacional para a eliminación da violencia contra

as mulleres». Repartíronse carteis con este lema para que marcasen os diferentes espazos de convivencia como liberados de calquera tipo de desigualdade. A propia páxina web da Universidade de Vigo empregou o deseño do cartel no seu frontal para mostrar o seu rexeitamento á violencia contra as mulleres.

Así mesmo, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade colocáronse puntos informativos nos tres campus. Estaban dirixidos especialmente ao alumnado e neles ofrecíase material e información para previr ás mozas de calquera tipo de violencia nas súas relacións de parella e fomentar relacións afectivo-sexuais igualitarias. Repartiuse tamén material propio da Universidade de Vigo como as chapas co lema «Abrazo armado pola igualdade» e un tríptico de sensibilización sobre como detectar e previr o acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo divulgando o protocolo de actuación para estes casos co que conta a institución dende o ano 2014.

En datas próximas á sinalada tivo lugar no Campus de Ourense a «Xornada de sensibilización para a prevención do acoso sexual e a promoción da igualdade de xénero no ámbito universitario»

Actividades de visibilización

A Unidade de Igualdade segue a ter como unha das súas prioridades contribuír a mostrar e recoñecer o labor das mulleres e as súas achegas ao coñecemento universal e o desenvolvemento social. Por iso, patrocinou as seguintes actividades:

- O programa de apoio á creación feminina «Alt. procrea en feminino» no Festival de Teatro Alternativo de Vigo que tivo lugar entre o 9 e o 13 de marzo de 2015 en diversos escenarios da cidade de Vigo. As creadoras que participan neste proxecto son Nuria Sotelo, Louisa Merino, Matarile Teatro, Mercé de Rande, Iris Heitzinger & Edita Braun compañía.
- Colaboración co Festival Sinsal Illa de San Simón para promover e mostrar o talento feminino realizado entre os días 22 e 24 de xullo de 2016 onde actuaron artistas femininas como Juana Molina, Eska ou Sktkar Gudasz.
- Edición do calendario para o ano 2016 «Mulleres que

son historia» do que se fixeron 200 copias e do que hai unha versión descargable na web da Unidade de Igualdade.

Durante o primeiro cuadrimestre do curso 2015/2016 convocouse, en colaboración co Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) a bolsa de produción ARTISTAS que se lle concedeu á alumna Xisela Franco e que inaugurará a súa exposición individual no vindeiro mes de setembro.

Actividades de formación

Durante este ano académico, a Unidade de Igualdade organizou en colaboración co Servizo de Persoal de Administración e Servizos as seguintes actividades formativas:

- «A construción de xénero: formas de violencia invisibilizadas na vida persoal e profesional»
- «Traballar en espazos de igualdade» (Campus Ourense)

Dentro do Programa de formación permanente do profesorado en colaboración coa Área de Formación e Innovación Educativa, organizouse o curso «Claves para unha docencia sen nesgos de xénero» (Campus Ourense e Vigo) específico para persoal docente e investigador.

Promovido pola Unidade de Igualdade, tivo lugar o obradoiro de extensión universitaria «Obradoiro de radio ¿o que non se nomea non existe? Comunicación e radio con perspectiva de xénero».

Por último, en colaboración co Servizo de Prevención e Riscos Laborais, organizouse a campaña formativa «Muller e saúde» de catro horas de duración.

Premios

A cuarta edición dos premios Antonia Ferrín Moreiras de creación de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero foi concedido ao traballo «O xénero nos ollos. Estratexias para educar con (e pese ás) fotografías dos materiais curriculares».

Durante o mes de novembro resolveuse a segunda convocatoria dos Premios EGERIA de introdución da

perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e de mestrado. Os traballos gañadores foron:

- Primeiro premio de traballos de fin de mestrado: «Estereotipos de xénero nas expectativas de futuro da mocidade en situación de desprotección e conflito social».
- Accésit: «Lo personal es lo político. La creación artística como estrategia reflexiva acerca del papel de la mujer en la sociedad patriarcal».
- Primeiro premio traballos de fin de grao: «Piropos: ¿afagadores? ou ¿práctica que mantén os estereotipos de xénero?».
- Accésit: «A perspectiva de xénero na intervención didáctica do alumnado de grao en CCAFD: linguaxe e formación de grupos».


Programa Stella

A través do programa de mobilidade Stella, a Unidade de Igualdade recibiu durante unha semana ao coordinador de Extensión Universitaria da Universidade de Guadalajara (México) que observou como desenvolve o seu labor a Unidade e tomou nota das accións levadas a cabo como orientación para a posta en marcha dunha unidade semellante na súa universidade.

Participación en encontros, xornadas e seminarios

A Unidade de Igualdade participou no «IX Encuentro estatal de las Unidades de Igualdad de las universidades públicas españolas» realizado en Madrid os días 12 e 13 de maio de 2016.

O 21 de abril asistiu en Bruxelas ao lanzamento do portal GenPORT, portal de recursos de calidade en xénero e ciencia, e o 6 de xullo estivo presente na «IV Conferencia de economía y presupuesto en clave de género» organizado en Sevilla.



Orzamento

Ingresos	2016
Capítulo III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	16 626 500 €
Capítulo IV. Transferencias correntes	116 500 524 €
Capítulo V. Ingresos patrimoniais	336 000 €
Capítulo VII. Transferencias de capital	22 791 000 €
Capítulo VIII. Variación de activos financeiros	4 332 500 €
Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros	- €
Total do orzamento de ingresos	160 586 524 €

Gastos	2015
Capítulo I. Gastos de persoal	95 040 900 €
Cap. II. Gastos correntes	28 014 935 €
Capítulo III. Gastos financeiros	375 000 €
Capítulo IV. Transferencias correntes	6 275 250 €
Capítulo V. Fondo de continxencia	300 000 €
Capítulo VI. Investimentos reais	27 440 439 €
Capítulo VIII. Activos financeiros	140 000 €
Capítulo IX . Pasivos financeiros	3 000 000 €
Total de orzamento de gastos	160 586 524 €

